

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 18 DE XULLO DE

2013

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día dezaoto de xullo de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño e dona Elisa Pestonit Barreiros, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Non asisten, con escusa, don Fernando Caride Suárez, do PP, e don José Antonio Orosa Fernández, de UxC.

Asisten dona Isabel M^a Fuentes Torices, interventora accidental, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria do día 27 de xuño de 2013

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria do día 27 de xuño de 2013.

Non se formulan alegacións polo que, a Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Proposta de designación de candidatos para cubrir a praza de xuíz de paz substituto de Cambre

Vista a proposta da Alcaldía de data 12 de xullo de 2013 que consta do seguinte teor literal:

“Visto o escrito procedente do Xulgado Decano da Coruña, rexistrado de entrada ao

núm. 6588 o 24 de maio de 2013, no que, para cubrir a praza de xuíz de paz substituto de Cambre, se interesa a remisión, de forma urxente, dunha terna de persoas, e para tal fin:

- se indague que veciños puideran estar interesados
- no informe que se emita, deberán constar os datos de idade, natureza, domicilio, profesión (tendo en conta as posibles causas de incompatibilidade), estudos e experiencia laboral (relacionada co cargo pretendido) e, no caso de ser avogados en exercicio, o compromiso expreso de abandonar o exercicio se foran nomeados.

Tendo en conta que durante o prazo que estivo aberto para o efecto se presentaron un total de 18 solicitudes.

Visto o informe emitido pola secretaria municipal con data 4 de xullo de 2013 en canto aos méritos alegados polos 18 solicitantes, no que se relacionan un total de 5 aspirantes con estudos e/ou experiencia laboral relacionada co cargo pretendido, indicándose como conclusión que: *“Corresponde ao Pleno da Corporación, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, propoñer entre os solicitantes unha terna para o cargo de xuíz de paz substituto de Cambre, designando aos que considere máis idóneos segundo os méritos achegados, sendo a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a que examinará en última instancia se as persoas propostas reúnen as condicións de capacidade e de elixibilidade esixidas.”*

Visto que na Xunta de Voceiros que tivo lugar no día de onte adoptouse a decisión de formular proposta de designación das cinco persoas que teñen estudos e/ou experiencia laboral relacionada co cargo pretendido, fórmulase a seguinte proposta de acordos a adoptar polo Pleno da Corporación:

Primeiro: Propoñer as cinco persoas que a continuación se relacionan para formar parte do procedemento para a designación do cargo de xuíz de paz substituto de Cambre que leva a cabo a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por ser as persoas que teñen estudos e/ou experiencia laboral relacionada co cargo pretendido:

- Tania Meijueiro Calvelo
- Paula Paz Abelleira
- Manuel Cabanas Veiga
- Pedro Rolando González Carrete
- Rafael García Ramos

Segundo: Remitir ao Xulgado Decano da Coruña a documentación presentada polos cinco solicitantes, xunto co informe emitido pola secretaria municipal de data 4 de xullo de 2013.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 16 de xullo de 2013.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que,

simplemente por explicarlle á xente o que van votar, quere dicir que o Xulgado Decano da Coruña pediulle ao Concello de Cambre que designase unha lista de candidatos para cubrir o posto de xuíz de paz substituto, despois de que o concello xa hai un tempo decidira non facer o nomeamento directamente, senón trasladalo ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O TSXG non atopou ningún candidato e o que fixo foi pedirilles que lle deran publicidade a este asunto, que abrisen un prazo para que a xente presentara as súas candidaturas, e que despois lles enviaran un listado.

Presentáronse 18 candidaturas, na Xunta de Voceiros todos os grupos acordaron enviar os cinco que tiñan acreditada algunha experiencia ou estudo relacionados co asunto, e iso é o que se vai facer.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a proposta tal e como foi transcrita.

2.2. Proposta de aprobación inicial dunha nova ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar, e derogación da ordenanza actualmente vixente

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar, Sanidade e Educación de data 9 de xullo de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 16 de xullo de 2013.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que esta ordenanza que se trae hoxe a pleno é a ferramenta básica de traballo dos traballadores sociais. No pleno anterior quedou enriba da mesa por uns puntos de discrepancia con algúns grupos, volveron a ter outra reunión para estudar o tema, e a partir do voto particular presentado polo PSdeG-PSOE, que pedía un 50% do IPREM, e dalgunhas achegas de EU, chegaron a un consenso. Respecto do IPREM recolleuse parte da proposta que facía o grupo de goberno e parte da proposta que facía o PSdeG-PSOE.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, seguindo a liña que fixou o Sr. Andreu de informar a xente do que están tratando, quere comezar a súa intervención matizando as palabras da Sra. concelleira. Efectivamente, no pleno ordinario do pasado mes de xuño deixouse sobre a mesa a aprobación desta ordenanza, posteriormente a ese pleno foron convocados a unha reunión para desbloquear o tema da porcentaxe do IPREM, último escollo para consensuar a dita ordenanza. A esa reunión os socialistas chegaron cunha proposta, e a proposta é exactamente a que o goberno trae a este pleno. Di que así é como entenden o consenso os socialistas de Cambre, trátase de recoller e refundir todas as propostas presentadas, de cara a defender o interese xeral dos veciños.

Nese sentido propuxeron un IPREM progresivo, atendendo ao criterio económico de acceso, é dicir, unha vez deducidos os gastos de aloxamento, aluguer ou hipoteca, e pensión non contributiva en caso de usuarios que a título individual solicitan a axuda para si. Un IPREM do 50% en unidades de convivencia integradas por dous e tres membros, en porcentaxe as de maior contía, e un IPREM do 45% para unidades de convivencia de catro ou máis membros, que era, quere lembrar, a porcentaxe que con carácter xeral fixaba o goberno na súa proposta.

Di que non vai entrar, por suposto, en se a ordenanza podería ou non acadar un maior grao de consenso, o que si quere concluír é que a ordenanza que se trae hoxe ao pleno para a súa aprobación, mellora substancialmente a ordenanza en vigor, e faino, fundamentalmente, e quere salientalo, grazas á contribución de todos. Quere agradecer especialmente, porque enriquece significativamente a ordenanza, as achegas que fixeron os seus compañeiros do grupo municipal socialista, e así mesmo quere recoñecer, xa que o goberno non o fixo, as achegas do resto de forzas políticas, en especial dos compañeiros de EU, que coas súas propostas amosaron a súa sensibilidade social e compromiso político para cos seus veciños.

Por último quere valorar publicamente o traballo da secretaria da Corporación, quen dende a súa profesionalidade soubo ir máis aló do feito mesmo de informar sobre a ordenanza, emendando gran parte do articulado para facelo máis garantista, máis accesible e, consecuentemente máis xusto. En conclusión, como non pode ser doutro modo, o seu voto vai ser favorable, tal e como manifestaron na comisión informativa e agora ratifican neste pleno.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que a eles tamén lles satisface profundamente que esta ordenanza chegara a este pleno co consenso e acordo entre o goberno e os grupos da oposición. No mesmo sentido que dixo o compañeiro do partido socialista, cre que traballaron cóbado con cóbado en enriquecer o texto da ordenanza, en achegar varias propostas que en principio non se tiveran en conta, agás unha cuestión que quere sinalar e poñer de manifesto. A pesar do manifestado inicialmente pola concelleira de Servizos Sociais, o de que non era operativo que prestaran o servizo, ao final accedeu, con bo criterio, e convocou a todos os comerciantes de Cambre, aos pequenos comerciantes, para ver se querían prestar o servizo. O resultado é que hai un comercio máis de Cambre que vai prestar ese servizo, o cal a eles alégralles e satisfácelles, xa que é unha medida que contribúe a que o pequeno comercio polo menos participe e que teña esa oportunidade. Nese sentido eles manifestan a súa satisfacción e por suposto van votar a prol.

Concedida a palabra a M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que eles tamén queren felicitar á concelleira de Servizos Sociais por ser pioneira e por permitirlles e invitalos, por primeira vez en dous anos de goberno do PP, a sentarse nunha mesa cos funcionarios, cos técnicos de servizos sociais, co fin de participar realmente na redacción desta ordenanza. Tamén lle dá as grazas á secretaria da Corporación, porque as súas achegas foron moitas e definitivas. Piden que renda o exemplo no resto do goberno e, por suposto, van apoiar a proposta de ordenanza e van votar a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel manifesta que quere agradecer o seu apoio, porque isto é unha ferramenta fundamental, e esta nova ordenanza vai mellorar substancialmente á ordenanza anterior. Pasan dun IPREM do 25% a un IPREM do 45 ou 50%, segundo os casos. Tamén hai axudas concretas para desafuzamentos que antes non había, para axudas ao aluguer, e tamén para a hipoteca, que tampouco estaban recollidas na anterior ordenanza, así como axudas para os menores de 25 anos con risco de exclusión social.

Conclúe reiterando que ela cre que se mellora bastante a regulación anterior e agradece o apoio do resto dos grupos.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a nova Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar, que se transcribe literalmente a continuación:

ORDENANZA REGULADORA DAS MEDIDAS DE APOIO Á INSERCIÓN SOCIO – FAMILIAR PARA PERSOAS QUE PARTICIPEN NO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN FAMILIAR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As políticas de integración social, de participación popular e actuación positiva a favor de grupos desfavorecidos, son unha realidade a partir da promulgación da Constitución Española de 1978, como consecuencia da definición de España como un “**Estado social e democrático de Dereito**” tal e como se contempla no art. 1 da Carta Magna.

Segundo contempla o Capítulo III do Título I que fai referencia aos principios reitores da política social e económica, no seu art. 39.1, dispónse a protección da familia e determínase que “*Os poderes públicos aseguran a protección social, económica e xurídica da familia*”.

Art. 39.2 expresa: “*Os poderes públicos aseguran, así mesmo, a protección integral dos fillos iguais estes ante a lei con independencia da súa filiación, e das nais, calquera que sexa o seu estado civil*”.

Art. 40.1 referente ao reparto dos recursos económicos preceptúa o seguinte: “*Os poderes públicos promoverán as condicións favorables para o progreso social e económico e para unha distribución da renda rexional e persoal equitativa, no marco dunha política de estabilidade económica. De xeito especial realizarán unha política orientada ao pleno emprego*”.

De acordo co recoñecemento da “autonomía das nacionalidades e rexións que integran a Nación española” que efectúa o art. 2 da Constitución Española, o Estatuto de Autonomía de Galicia recolle no seu art. 27.23 como competencia exclusiva da Comunidade Autónoma a “Asistencia Social” en relación co art. 148.1.20 da Constitución Española.

Posteriormente a Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu art. 25.2 k) dispón:

“O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias:

... k) Prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social”.

O Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección á familia aprobándose a Lei 3/1997, do 9 de xuño, galega da familia, da infancia e da adolescencia.

O Título Preliminar desta lei, establece no seu art. 5.2. *“Os municipios, sen prexuízo do disposto na lexislación de réxime local e na Lei galega de servizos sociais, exercerán as súas competencias en materia de protección á familia, infancia e á adolescencia a través das seguintes actuacións:*

... b) A provisión directa de servizos e prestacións destinados ás familias residentes no respectivo territorio que presenten aspectos carenciais”. A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia ten por obxecto a ordenación e promoción do sistema público de servizos sociais na Comunidade Autónoma de Galicia.

A estrutura de servizos sociais divídese en 2 niveis de atención, no que se diferencian os servizos sociais comunitarios, que á súa vez poden ser básicos e específicos, e os servizos sociais especializados, dirixidos á poboación con necesidades específicas que esixen unha maior especialización técnica.

De conformidade co establecido nos artigos 60 e 61 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e artigos 2.3, 28 e 29 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, os servizos sociais comunitarios básicos teñen o carácter de servizos sociais mínimos a garantir por todos os concellos de Galicia.

De conformidade co establecido nos artigos 8, 9 e 23 do Decreto 99/2012, as funcións dos servizos sociais comunitarios básicos desenvólvense por medio de programas e servizos entre os que se atopa o programa básico de inserción social.

No desenvolvemento do programa básico de inserción social, os servizos sociais comunitarios básicos participan no procedemento de asignación das prestacións económicas de inclusión social, iso a teor do previsto nos artigos 18.1 e 21 da Lei 13/2008.

No mesmo sentido, os artigos 4, 17 e 48 da Lei 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social e artigos 11 a 15 do Decreto 375/1991, do 24 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 9/1991, que atribúen aos concellos a colaboración coa comunidade autónoma para a aplicación do programa de axudas para situacións de emerxencia social. Para tal efecto, corresponde aos concellos a través dos servizos sociais comunitarios básicos, a recepción, instrución, proposta de resolución e traslado dos expedientes ao departamento territorial correspondente, así como o seguimento e control das axudas de emerxencia social concedidas.

De conformidade co artigo 6 c) da Lei 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social, corresponde aos concellos da comunidade autónoma de Galicia mellorar con cargo aos orzamentos as axudas para situacións de emerxencia social, de acordo coas condicións establecidas na dita lei e demais normativas de aplicación.

No ano 2005 aprobouse a Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar como axudas económicas dirixidas a facer fronte a situacións de desprotección e que precisan unha resposta inmediata e urxente.

Co transcurso do tempo os servizos sociais municipais veñen detectando situacións carenciais na cobertura de necesidades que fai necesario ampliar a cobertura das prestacións económicas actuais e engadir novas prestacións ante as novas demandas presentadas.

TÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

Art. 1.- Obxecto

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación das medidas de apoio económico, entendendo por estas o conxunto de axudas e prestacións económicas destinadas a paliar situacións de emerxencia social, previr situacións de exclusión social e favorecer a integración plena e social dos sectores de poboación que carezan de recursos económicos propios para a atención das súas necesidades básicas.

Mediante estas axudas preténdese facer fronte a situacións de desprotección que non son cubertas por outras administracións ou institucións e que precisen dunha resposta inmediata e urxente.

Son medidas de carácter puntual ou temporal, non periódicas, de emerxencia e finalistas, polo que se destinarán exclusivamente á finalidade para a que foron concedidas.

A súa concesión está suxeita á existencia de dispoñibilidade orzamentaria.

Art. 2.- Beneficiarios

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas, familias ou unidades de convivencia residentes e empadroados no municipio de Cambre que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar empadroados e residir no municipio de Cambre polo menos con 3 meses de antelación en relación coa data en que se formule a solicitude de axuda, a excepción dos seguintes supostos:
 1. vítimas de violencia doméstica que cambien o seu domicilio por este motivo, debidamente acreditado.
 2. persoas emigrantes galegas que proveñan do concello e fixen a súa residencia nel, logo da acreditación do seu empadramento anterior.
 3. persoas en situación de necesidade extrema sobrevida de xeito repentino, tras o empadramento no concello.
- Achegar a documentación esixida en cada caso que acredite a situación de necesidade, segundo o disposto no artigo 19 deste Regulamento.
- Ter escolarizados aos fillos e fillas en idade escolar obrigatoria e asistir regularmente a clase.
- Todos os membros da unidade de convivencia que se atopen en idade legal de traballar, deberán estar inscritos como demandantes de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego, agás que acrediten documentalmente que están estudando, mediante certificado da entidade educativa correspondente.
- Aceptar as condicións do proxecto de intervención social e cumprir cos compromisos establecidos nel, asinando o solicitante ou solicitantes da axuda e o técnico de servizos sociais encargado da súa supervisión.

- Non dispoñer de bens mobles ou inmobles, distintos aos da vivenda habitual, sobre os que se posúa un dereito de propiedade, posesión ou usufructo que, polas súas características, indique a existencia de medios suficientes para atender a necesidade para a que solicita a axuda.
- Non ter acceso a axudas ou recursos polo mesmo concepto doutras administracións ou institucións públicas ou privadas. Exceptuarase este requisito se a axuda concedida non resolvera a necesidade, e logo do informe técnico no que se reflicta a gravidade da situación socioeconómica e familiar, en cuxo caso poderá complementarse dende esta administración sen que en ningún caso poida superar o custo total do obxecto da axuda.
- Non superar a unidade de convivencia o límite de ingresos establecidos, unha vez deducidos os gastos de alugueiro ou amortización da vivenda ata un máximo de 400 euros. Así, terase en conta a seguinte táboa:

NÚMERO DE MEMBROS	MÁXIMO INGRESOS MENSUAIS (RPC)
1 MEMBRO	Ata o importe dunha PNC (Pensión Non Contributiva)
2 OU 3 MEMBROS	Ata o 50% do IPREM
4 MEMBROS OU MAIS	Ata o 45% do IPREM

- Figurar nos últimos movementos bancarios das contas do banco do que sexa titular ou autorizado, un máximo de saldo medio de aforro de 200 euros.
- Non contar con familiares obrigados a prestar alimentos, en virtude do previsto no Título VI do Libro I do Código Civil, artigos 142 e seguintes.
Non obstante, considerarase que non teñen obrigación de prestar alimentos os parentes que, en atención ás circunstancias socio-económicas concorrentes, non poidan facer fronte ás necesidades da unidade familiar solicitante sen desatender as súas propias ou as dos familiares ao seu cargo.
No caso de non reunir os requisitos xerais, queda aberta a posibilidade da concesión das medidas de apoio segundo a valoración dos técnicos para aqueles casos que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen nunha situación de desprotección, no mesmo intre da súa petición, sendo necesario nestes casos un informe da traballadora social e co visto e prace da coordinadora do departamento.

2. Considérase unidade de convivencia a todas aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio. Non poderán ser beneficiarios da mesma prestación dúas persoas da mesma unidade de convivencia.

3. Considérase que existe unha unidade de convivencia independente, aínda que vivan no mesmo domicilio, nos seguintes supostos:

- A constituída por persoas, con ou sen fillos, que se atopen en proceso de nulidade, separación ou divorcio legal; cesamento acreditado de relación análoga á conxugal.
- Aquela unidade de convivencia independente que, por causa de forza maior, accidente ou desafiuzamento, se vexa obrigada a residir no mesmo domicilio con outra, independentemente de que teña ou non relación de parentesco.
- Calquera outra unidade de convivencia debidamente acreditada.

Art. 3.- Determinación de ingresos

1. O cómputo de rendas e/ou ingresos deberán entenderse como tales aqueles que comprendan todos os recursos de que dispón a persoa ou unidade familiar, é dicir: salarios, pensións, prestacións, subsidios, rendas provintes de bens inmobles ou mobles ou calquera outro.

2. Non se computarán para a determinación dos ingresos, os seguintes:

2.1 Ingresos procedentes de axudas sociais de carácter finalista, non periódicas ou para paliar situacións de emerxencia social; bolsas de formación ou análogas.

2.2 Ingresos xerados pola venda da vivenda habitual, sempre que os beneficios obtidos revertan na merca doutra vivenda do mesmo tipo ou nun negocio como forma de traballo.

Art. 4.- Importe máximo das axudas

1. En ningún caso a cantidade da axuda nun ano pola unidade familiar beneficiaria, sexa cal sexa o tipo, poderá superar na súa totalidade en 2 veces o IPREM vixente.

2. Sempre que sexa posible, implicarase ao beneficiario achegando unha parte da porcentaxe no custo total da axuda.

TÍTULO II CLASIFICACIÓN E CONTÍA DAS AXUDAS ECONÓMICAS

Art. 5.- Tipoloxía das axudas

As axudas económicas municipais para a atención ás necesidades sociais serán as seguintes:

- axudas para alimentación básica e hixiene persoal
- axudas para a atención dos gastos derivados da vivenda habitual
- axudas para o equipamento básico da vivenda habitual, reparacións menores de urxente necesidade e limpeza en casos extremos
- axudas para gastos de aloxamento alternativo en hostais ou centros residenciais
- axudas para a atención de desafiuzamento xudicial da vivenda habitual
- axudas escolares
- axudas para gastos farmacéuticos
- axudas para tratamentos especializados, ortopedia, próteses e lentes correctoras
- axudas para gastos de desprazamento
- axudas para a atención de situacións de urxente e grave necesidade de carácter polivalente
- axudas para transeúntes
- axudas para mozos carentes dun ambiente familiar axeitado

Art. 6.- Axudas para alimentación básica e hixiene persoal

1. Consiste na cobertura básica das necesidades primarias de alimentación e hixiene persoal para previr situacións de risco que afecten a persoas ou grupos familiares.

A cobertura desta axuda faise a través dun sistema de vale de compra nominal, que consiste no seguinte:

- O técnico de servizos sociais entrega ao beneficiario un vale de compra autocopiativo, reservándose unha copia para achegar ao expediente social.
- O beneficiario entrega o vale orixinal no autoservizo concertado como pago de alimentos que el mesmo collerá polo importe indicado.
- Mensualmente o establecemento concertado remítelle ao concello unha factura xunto cos vales orixinais co importe total do mes correspondente.

O número de vales máximos que se poderán entregar ao ano por unidade familiar será de 6.

O tempo máximo para poder percibir vales de alimentos será de 18 meses, a contar dende a data do primeiro vale entregado e unha vez aprobado o presente regulamento.

Unha vez esgotado o período máximo de concesión non poderán ser beneficiarios de novo ata pasado un período mínimo de 6 meses, salvo que a criterio técnico se considere necesario non interromper o período máximo de concesión.

2. Existen dous tipos de vales nominativos diferenciados polos importes en función do número de membros da unidade familiar:

- **Vale nominativo A por importe de 100 euros:** dirixido a aquelas unidades familiares de 3 ou menos membros.
- **Vale nominativo B por importe de 150 euros:** dirixido a aquelas unidades familiares de máis de 3 membros.

O importe de cada vale será de 50 euros para darlle a posibilidade ao usuario de poder ir en dous ou tres veces segundo o caso, ao longo dos dous meses de validez do bono.

Os vales de compra emitiranse en soporte papel. O seu uso é persoal e intransferible. Expediranse nas oficinas de servizos sociais do Concello de Cambre, onde se entregarán aos beneficiarios, estando estes obrigados a cumprir as normas establecidas para esta axuda.

As persoas beneficiarias entregarán o vale de compra ao establecemento concertado como pago de alimentos que el mesmo collerá polo importe indicado. Presentarase o DNI ou NIE do beneficiario no momento de facer a compra.

Os vales expediranse por importe 50 euros. O beneficiario achegará a moeda fraccionada correspondente no caso de sobrepasar a cantidade indicada anteriormente.

Os vales terán validez de dous meses, a contar a partir da data reflectida neles.

Os vales de compra deberán conter:

- Valor do vale (50 euros).
- Número de vale.
- DNI ou NIE do beneficiario.
- Nome e apelidos do beneficiario.
- Sinatura da traballadora social de referencia.
- Sinatura da coordinadora de servizos sociais.
- Sinatura do concelleiro/a delegada da área.
- Data de expedición do vale.

Para facer a compra o usuario terá que ter en conta unha serie de normas, especificadas no reverso do vale:

En ningún caso poderanse adquirir algún dos seguintes produtos:

- ✓ Bebidas alcohólicas de ningún tipo
- ✓ Produtos de denominación de orixe (xamóns, lacóns, embutidos de tipo ibérico,...)
- ✓ Especialidades concretas

Deberanse consumir preferentemente produtos de primeira necesidade e de marcas brancas.

3. Os produtos que se poden proporcionar serán os relacionados para unha alimentación sana e equilibrada, destinados a cubrir as necesidades básicas ademais de produtos de droguería, limpeza e hixiene persoal.

No caso de ter que facer algunha modificación terá que estar debidamente documentado.

4. No suposto de que chegue a coñecemento dos servizos sociais municipais que o beneficiario obtivo unha axuda doutra administración, institución ou entidade pública ou privada, en concepto de alimentos ou produtos similares aos proporcionados mediante os vales, o técnico de servizos sociais que teña instruído o expediente poderá propoñer a extinción do dereito á axuda, iso de conformidade co establecido nos artigos 2.1 e 23.3 desta ordenanza.

Cando a utilización desta axuda non se axuste á normativa establecida nesta ordenanza reguladora, dará lugar á perda do dereito de desfrutar dela.

Art. 7.- Axudas para a atención dos gastos derivados da vivenda habitual

Consiste nunha axuda económica destinada ao aboamento dos recibos da luz eléctrica, gas ou auga que impidan os cortes de subministracións básicas da vivenda habitual, así como para o aluguer desta que impida os procedementos de desafuzamento por impago, así como que existan garantías de continuidade da vivenda.

As contías das axudas poderán ser:

- recibos de luz: ata un máximo de 200 euros/ano por unidade familiar.
- recibos de gas: ata un máximo de 150 euros/ano por unidade familiar.
- recibos de auga: ata un máximo de 90 euros/ano por unidade familiar.
- recibos de aluguer: ata un máximo de 600 euros/ano por unidade familiar.
- recibo de enganche de luz por corte (impago): unha soa vez nun período de 3 anos consecutivos.
- recibo de conexión de gas por corte (impago): unha soa vez nun período de 3 anos consecutivos.

Os conceptos deberán ir perfectamente detallados e desagregados e en ningún caso serán incluídos gastos de comunidade, limpeza de escaleiras ou outros relativos a bens comúns.

Art. 8.- Axudas para o equipamento básico da vivenda habitual, reparacións menores de urxente necesidade, adaptación funcional e limpeza en casos extremos

Consiste nunha axuda económica destinada á:

- merca de equipamento de primeira necesidade ou mobiliario básico cando o beneficiario careza destes bens ou se atopen moi deteriorados
- instalacións ou reparacións menores no fogar
- axudas para a promoción da accesibilidade de persoas con discapacidade ou en situación de dependencia que supoñan, a través de obras menores ou medidas de accesibilidade, unha adaptación funcional da vivenda habitual (por exemplo: pratos de duchas, ramplas,...)
- limpeza e desinfección necesarias para manter a vivenda en axeitadas condicións hixiénico-sanitarias e sempre que resulten de importancia vital para o usuario ou para a súa unidade de convivencia, trala valoración da traballadora social ou profesional de referencia a través do informe correspondente.

Contía da axuda: ata o 75% do gasto cunha contía máxima de 700 euros/ano por unidade familiar.

Art. 9.- Axudas para gastos de aloxamento alternativo en hostais ou centros residenciais

A súa finalidade é o pago dun aloxamento alternativo cando non é posible a permanencia da persoa no seu domicilio habitual e acreditando a inexistencia de praza en centro público ou concertado ou de centros que poidan solucionar a necesidade de aloxamento.

As causas poden ser por emerxencias ou sinistros como incendios, situacións de violencia familiar, desafiuzamentos,...

Estableceranse dúas modalidades de aloxamento:

- A. Aloxamento en hostais en réxime de pensión completa, un máximo de 3 días seguidos.
- B. Aloxamento en centros residenciais, un máximo de 15 días naturais, sempre que non superen os 700 euros o total da estadía.

No caso de aloxamento en centro residencial, deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- Ter solicitado praza nun centro concertado ou público de características similares ás que se van subvencionar.
- Manifestar unha deterioración física e/ou psíquica acreditada con certificado médico do sistema público da saúde, no que se especifique que require duns cuidados específicos, temporais ou permanentes.
- Que non exista un familiar ata segundo grado de consanguinidade obrigado a prestar este tipo de apoio.

Art. 10.- Axudas para a atención de desafiuzamento xudicial da vivenda habitual

Axuda de carácter inmediato e urxente que ten como obxectivo atender situacións de desafiuzamento xudicial ou por impago, consistente no aboamento dos gastos dunha nova vivenda de aluguer.

Requisitos para poder acceder a esta axuda:

- O beneficiario ten que ter buscada de antemán a vivenda de aluguer, e o aluguer non poderá superar o 80% do IPREM vixente.
- Que non exista un familiar ata segundo grado de consanguinidade obrigado e con posibilidades reais de prestar este tipo de apoio.
- O máximo subvencionable será de 2 meses de recibo de aluguer.
- A vivenda de aluguer terá que estar no termo municipal de Cambre.

Art. 11.- Axudas escolares

En función do tipo de necesidade expresada polo solicitante e da valoración da situación efectuada polo equipo técnico de servizos sociais, descríbense os seguintes tipos de axuda:

A. Axuda para escola infantil privada

Dirixida a favorecer e protexer aos menores de 0 a 3 anos, de familias con especiais dificultades socioeconómicas na que concorran algunha das seguintes circunstancias:

- precariedade económica que presente problemas de desaxuste familiar e que poidan afectar ao menor
- disfuncionalidade da dinámica familiar xerada por situacións de inestabilidade familiar e/ou económica
- dificultade de atención ao menor por parte da súa familia producida por carencia de hábitos de coidado axeitados
- dificultade de atención ao menor a causa de enfermidades físicas, psíquicas ou de tipo aditivo
- para conciliar a vida familiar e laboral debidamente xustificado

Neste tipo de axuda o solicitante deberá presentar polo menos dous orzamentos de escolas infantís privadas, reservándose o dereito a poder solicitar máis se así o considera o equipo técnico de servizos sociais.

Así mesmo, deberá acreditar que teña tramitado o acceso a unha escola infantil pública.

Subvencionarase un máximo dun mes.

B. Axudas para material escolar e libros de texto

Dirixidas a escolares con idades comprendidas dende os 3 anos ata os 18 anos, matriculados en centros escolares públicos. Teñen como finalidade garantir o principio de igualdade, procurando compensar os problemas sociais de desvantaxe educativa que se producen en colectivos de especial vulnerabilidade.

Só se subvencionará aquel material e libros de texto que non estean subvencionados por outras administracións públicas, incluídas as municipais.

Neste tipo de axuda o solicitante deberá presentar a relación do material e libros a subvencionar coa suficiente antelación para que poida ser aboado dentro do exercicio orzamentario correspondente.

Subvencionarase un máximo de 150 euros por neno.

Como requisito imprescindible deberá ter o solicitante expediente aberto no departamento de servizos sociais cunha antelación de 2 meses á presentación da solicitude da axuda.

C. Axudas para actividades municipais extraescolares, xogando en inglés, actividades en períodos vacacionais de Nadal e Semana Santa e campamentos de verán

Teñen como finalidade última a conciliación da vida familiar e laboral, así como garantir o axeitado desenvolvemento do menor no seu medio habitual e para apoiar os procesos de integración social das familias que, polas súas características especiais, se atopan nun plan de intervención dirixido a reducir ou suprimir situacións de marxinação social.

Será requisito imprescindible que os dous pais ou no caso de familia monoparental, acrediten que están traballando achegando o certificado da empresa que así o demostre.

Tamén será necesario que previamente teñan solicitado praza nalgunha das modalidades que queren ser subvencionadas polos condutos ordinarios.

D. Axudas para actividades extraescolares financiadas polas ANPAS dos centros públicos municipais

Teñen como finalidade última a conciliación da vida familiar e laboral, así como garantir o axeitado desenvolvemento do menor no seu medio habitual e para apoiar os procesos de integración social das familias que, polas súas características especiais, se atopan nun plan de intervención dirixido a reducir ou suprimir situacións de marxinação social.

Só se subvencionará unha actividade por curso escolar e por menor, salvo casos de extrema necesidade a valoración do profesional de referencia.

E. Axudas para comedores escolares en centros públicos

Esta axuda será para os casos onde exista nos centros públicos comedor escolar non financiado pola Xunta, senón que é xestionado polas ANPAS.

Teñen por obxecto garantir a alimentación diaria e axeitada aos nenos e nenas que presentan dificultades de índole persoal ou social para facelo de xeito autónomo no seu domicilio ou carecen das habilidades sociais necesarias.

Dirixido aos nenos e nenas con idades comprendidas dende os 3 anos ata os 18 anos, matriculados en centros escolares públicos e que a causa da súa situación económica e/ou sociofamiliar non poden aboar a cota correspondente.

Art. 12.- Axudas para gastos farmacéuticos

Consiste nunha prestación económica para axudar a custear a medicación pautaada polo seu médico do sistema público de saúde.

Só se concederá esta prestación naqueles supostos nos que a persoa solicitante, cumprindo cos requisitos establecidos no artigo 2, non poida asumir o custo da medicación que precisa, ao atoparse nunha situación de precariedade económica e non ter outro medio de obtela de forma gratuíta.

Será requisito imprescindible un informe médico acreditando a necesidade do tratamento e a súa duración. Non se aceptará coa receita médica soamente.

Queda excluída calquera tipo de receita médica que veña prescrita polo sistema privado.

Os conceptos que poderán ser subvencionados son: medicación prescrita pola Seguridade Social e leite maternizado de tratamento (antirrefluxo, sen lactosa,...) con informe médico xustificativo da súa necesidade, así como vacinas que non cubra a Seguridade Social e que sexan de importancia vital, con informe médico xustificativo da necesidade.

Art. 13.- Axudas para tratamentos especializados, ortopedia, próteses e lentes correctoras

Ten como finalidade o pagamento de gafas correctoras e tratamentos especializados (psicólogos, oftalmólogos, odontólogos,...) sempre que non estean incluídos na cobertura da rede sanitaria pública.

Será requisito imprescindible un informe médico acreditando a necesidade do tratamento e a súa duración.

Contía da axuda para tratamentos especializados: ata o 75% do gasto, cunha contía máxima de 400 euros/ano por unidade familiar.

Contía da axuda para lentes correctoras: ata unha contía máxima de 200 euros/ano por unidade familiar.

Dende que se concede a axuda haberá un tempo de carencia de 2 anos para o beneficiario concreto dela, antes de poder volver a solicitala.

Con respecto ás lentes correctoras, non poderán adquirirse monturas de marcas concretas que poidan encarecer o prezo.

Os tratamentos especializados poden ser os seguintes:

- implantación de próteses ou órteses
- apoio psicolóxico
- apoio logopédico
- audífonos
- gastos de odontólogos (empastes, extraccións, ortodoncias,...)
- outros similares

O solicitante deberá presentar polo menos dous orzamentos de ópticas e empresas que se dediquen aos tratamentos especializados, reservándose o dereito a poder solicitar máis se así o considera o equipo técnico de servizos sociais.

Art. 14.- Axudas para gastos de desprazamento en autobús

Consiste en conceder bonos de bus que permiten viaxar no transporte metropolitano. Poderán ser empregados nos seguintes supostos:

- ✓ Centros de tratamento (drogodependencias, ex-alcohólicos,...).
- ✓ Estudos (cursos de formación, ciclos de FP, universidade,...).
- ✓ Outros (colexios, escolas infantís...).
- ✓ Xestións con organismos públicos: INEM, Facenda, Axencia Tributaria, INSS,...).
- ✓ Traballo.

Deberán acreditar a necesidade de desprazamento polo motivo solicitado, previamente á súa concesión.

O número máximo de bonos de bus (de 30 billetes cada un) non poderá exceder de catro ao ano e por unidade familiar, salvo casos debidamente xustificadas a criterio do equipo de servizos sociais.

Art. 15.- Axudas para a atención de situacións de urxente e grave necesidade de carácter polivalente

Destinado a calquera tipo de axuda que non poida ser atendida por ningún dos conceptos contemplados nos artigos anteriores ou por calquera outro tipo de prestación ou axuda, tales como decesos,

Só se concederá esta prestación naqueles supostos nos que a persoa solicitante, cumprindo cos requisitos establecidos no artigo 2, non poida asumir o custo da axuda solicitada, ao atoparse nunha situación de precariedade económica.

Contía da axuda: ata o 75% do gasto, cunha contía máxima de 400 euros/ano por unidade familiar.

Art. 16.- Axudas para transeúntes

No caso de transeúntes ou indixentes poderán acceder ao seguinte tipo de axudas:

- merca dun billete de bus ou tren para desprazamentos dentro do territorio nacional
- información, orientación e asesoramento
- produtos de primeira necesidade

Art. 17.- Axudas para mozos menores de 25 anos carentes dun ambiente familiar axeitado

O obxecto desta axuda é contribuír ao sostemento económico de mozos menores de 25 anos carentes dun ambiente familiar estruturado ou en risco que supoña a imposibilidade de que este se manteña no seu entorno familiar.

Como requisito específico, ademais dos contemplados no artigo 2, para a tramitación da axuda, será preciso o coñecemento e estudo por parte do equipo técnico de servizos sociais, da composición e características da unidade familiar á que pertence o posible beneficiario.

A axuda consistirá en pagar dous recibos de aluguer da vivenda adquirida polo posible beneficiario sen límites económicos na mensuralidade, tendo a obriga de empadroarse na nova vivenda e cumprir o proxecto de intervención marcado pola traballadora social.

TÍTULO III NORMAS DE PROCEDEMENTO

Art. 18.- Iniciación

1. O procedemento de iniciación do expediente poderá ser:

- De oficio, polos servizos sociais municipais ante unha situación de emerxencia por risco do solicitante ou da súa unidade familiar.
- A instancia da persoa interesada.

2. O procedemento iniciado polo interesado efectuarase mediante solicitude segundo modelo normalizado que se achega como Anexo I á presente ordenanza, e presentarase no Rexistro xeral do concello situado na planta baixa da Casa do Concello, rúa Adro n.º 1, ou en calquera dos rexistros auxiliares situados na Casa das Palmeiras, na rúa Tapia n.º 1, O Temple, e rúa Río Barcés n.º 8, A Barcala, iso sen prexuízo de poder presentarse nalgún dos rexistros a que se refire o artigo 38 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A solicitude deberá ir asinada polo solicitante ou representante legal, e deberá ir acompañada da documentación acreditativa á que se fai referencia no seguinte artigo, que acredite que cumpre cos requisitos xerais e específicos de cada unha das axudas contempladas nesta ordenanza.

3. De non achegarse á solicitude a documentación xeral ou a específica requirida para cada tipo de axuda, ou a presentada non reúne os requisitos esixidos, requirirase ao interesado para que, no prazo de 10 días hábiles, subsane as omisións observadas ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixera, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución na que se declare tal circunstancia, con indicación dos feitos producidos e normas aplicables, nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992.

4. As solicitudes poderanse presentar ao longo do ano.

5. En calquera das fases da tramitación do expediente e á vista da documentación obrante, poderase recabar documentación doutros organismos públicos ou privados que se estimen oportunos para os efectos de comprobacións sobre a exactitude da documentación ou datos achegados.

Art. 19. - Documentación

1. A documentación que deben achegar os solicitantes será a seguinte:

CON CARÁCTER XERAL:

- Solicitud conforme co modelo oficial (Anexo I).
- Fotocopia compulsada do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante e de todos os membros da unidade familiar que estean na obriga de telo.
- Volante de empadramento (que será achegado polo propio concello).
- Fotocopia compulsada do libro de familia.
- Fotocopia compulsada do último recibo pagado de aluguer ou amortización da vivenda habitual ou no seu defecto extracto bancario ou calquera tipo de documento onde figure o ingreso por este concepto.
- Xustificación da situación económica do solicitante e dos maiores de 16 anos que conforman a unidade familiar, cos documentos que procedan dos que se sinalan a continuación:
 1. Modelo de autorización para solicitar os datos a nivel de renda (Anexo II).
 2. Fotocopia compulsada da declaración trimestral a conta do IRPF e o IVE, no caso de alta no réxime de autónomos.
 3. Certificado de vida laboral, se é o caso.
 4. Se estivo en activo nos últimos 6 meses, deberá presentar as copias compulsadas das nóminas xustificativas dos ingresos percibidos nese período.
 5. Se está en activo, copia compulsada das 3 últimas nóminas.
 6. Se realiza algunha actividade laboral sen asegurar, deberá achegar unha declaración responsable dos ingresos que percibe mensualmente por esa actividade.
 7. Se está desempleado, fotocopia compulsada da tarxeta de demandante de emprego.
 8. No caso de percibir algunha pensión ou prestación, deberá presentarse certificado expedido polo organismo competente da cantidade mensual que percibe.
 9. Certificado expedido polo INEM sobre a percepción ou non dalgunha prestación deste organismo.
 10. Extracto bancario cos movementos dos últimos 6 meses de todas as contas bancarias na que figure como titular ou autorizado.

CON CARÁCTER ESPECÍFICO:

- Fotocopia compulsada do contrato de aluguer.
- Fotocopia compulsada do certificado de minusvalía.
- En caso de separación ou divorcio, fotocopia compulsada da sentenza ou convenio regulador na que conste a contía das pensións compensatorias e/ou alimenticias.
- No caso de que non se perciba a pensión alimenticia e/ou compensatoria fixada na resolución xudicial de separación ou divorcio, ademais acompañarase xustificación documental de ter formulado a correspondente denuncia por incumprimento da obriga ou documento de inicio do proceso de petición de manutención por alimentos e/ou compensatoria.

- Dous orzamentos diferentes do gasto que orixine a petición da axuda nos casos en que proceda.
- Prescrición médica emitida polo facultativo que corresponda do centro de saúde nos casos de axudas para medicación, próteses, tratamentos especializados e lentes correctoras.
- Para o caso de ser necesario acreditar a situación económica ou física de familiares obrigados a prestar atención conforme co establecido no Código Civil, presentárase a mesma documentación que se esixe aos solicitantes da axuda e a que se indica nos artigos desta ordenanza onde se establecen os requisitos específicos para cada unha delas.
- Calquera outro documento que os servizos sociais municipais estimen oportuno para acreditar o cumprimento dos requisitos para a percepción das axudas ou para complementar ou actualizar a información.

2. No suposto de que o solicitante conste como usuario dos servizos sociais comunitarios básicos, non terá que achegar aqueles documentos que obren en poder do persoal de referencia asignado, sempre que no momento de presentar a instancia, os datos que conteñan se atopen en vigor.

Art. 20.- Instrución

1. As solicitudes serán tramitadas de conformidade coa presente ordenanza e a regulación contida na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Non obstante, e co carácter de procedemento de urxencia, naqueles supostos de extrema necesidade ou urxencia debidamente xustificada e valorada segundo informe emitido para o efecto polo técnico profesional de referencia, co visto e prace da coordinadora de servizos sociais, proporcionarase a axuda precisa coa maior inmediatez posible, sen prexuízo da adopción das medidas necesarias que garanticen a súa finalidade e a aprobación posterior polo órgano competente.

En tales supostos, a aprobación e recoñecemento do gasto levará implícita a concesión da axuda.

3. Unha vez rexistrada de entrada a solicitude de axuda, remitirase ao departamento de servizos sociais, xunto coa documentación achegada, e, no suposto de que o solicitante non teña asignado un profesional de referencia, pola coordinadora de servizos sociais asignarase a traballadora social ou profesional do equipo-técnico que corresponda.

4. Compete ao dito profesional de referencia a tramitación e instrución do expediente. Para tal efecto, comprobará se a solicitude e os documentos achegados cumpren co establecido nos artigos 18 e 19 da ordenanza, concedendo, en caso contrario, 10 días para subsanar a falta de documentación (artigo 18.3) ou para achegar calquera outro documento que estime oportuno (artigo 19 in fine), levando a cabo a práctica de entrevistas, visitas domiciliarias e cantas actuacións considere precisas e necesarias co fin de comprobar o cumprimento dos requisitos esixidos na presente ordenanza para a concesión da axuda obxecto da solicitude.

5. O informe-proposta de resolución deberá ser emitido no prazo máximo de 20 días hábiles dende a presentación da solicitude, agás que fose necesario conceder o prazo de 10 días previsto no apartado anterior.

O informe-proposta deberá conter:

- Un resumo da situación económica, familiar e social do solicitante e/ou unidade familiar ou de convivencia, así como os datos da vivenda, no seu caso, ou calquera outro dato que se considere de interese, facendo constar que as ditas circunstancias xustifican a situación de necesidade ou de emerxencia segundo os requisitos esixidos para a axuda solicitada.
- Valoración da situación de necesidade do beneficiario.
- Conveniencia da axuda que se propón e especificación da razón pola que non procede a tramitación dunha axuda de emerxencia social ou, no seu caso, razón da complementariedade destas coas prestacións municipais.
- Proposta de resolución na que se faga constar o tipo de axuda ou prestación, importe a conceder e duración, no seu caso, con mención expresa dos artigos da ordenanza aplicables, así como alternativas de pago.

6. No suposto de que o informe-proposta sexa favorable á concesión, deberá acompañarse o proxecto de intervención social a que se refire o artigo 2.1 da ordenanza, no que se determinarán o labor social, os recursos que se mobilizan e os compromisos ou obxectivos a cumprir polo beneficiario, e que supeditarán a concesión ou non doutra axuda ao longo do ano, en función do cumprimento dos ditos obxectivos.

7. No suposto de que o informe-proposta sexa desfavorable, deberá motivarse con mención expresa dos artigos da ordenanza aplicables e as causas de denegación contidas no artigo 22.

8. O dito informe-proposta deberá ser conformado pola coordinadora de servizos sociais, quen o elevará ao órgano competente para resolver, alcalde ou concelleiro delegado no seu caso.

9. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 84 da Lei 30/1992, no suposto de que puideran terse en conta outros feitos ou probas distintos aos presentados polo solicitante xunto coa solicitude, o instrutor, antes de redactar o informe-proposta de resolución, habilitará o correspondente trámite de audiencia para que os interesados, no prazo de dez días hábiles dende a notificación, poidan alegar e presentar os documentos ou xustificacións que estimen pertinentes.

Art. 21.- Resolución e abono da axuda

1. Á vista dos informes emitidos, o alcalde ou concelleiro delegado, no seu caso, ditará resolución motivada na que, ademais de recoller a proposta formulada, farase constar que a eficacia da resolución estará condicionada á subscrición polo destinatario/a da axuda, do proxecto de intervención social personalizada, iso de conformidade co establecido no artigo 2 da presente ordenanza.

A resolución conterá, no seu caso, expresión concreta sobre a forma de pago.

2. O prazo máximo para resolver e notificar á persoa interesada será dun mes dende a presentación da solicitude no rexistro de entrada. De non recaer resolución expresa no dito prazo, as solicitudes entenderanse desestimadas, iso sen prexuízo da obriga de ditar resolución expresa.

3. Notificarase á Intervención municipal, e efectuarase o correspondente rexistro, no seu caso, no expediente único a que se refire o artigo 16.2 da Lei 13/2008 e artigo 38 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

4. O abono da axuda poderase facer a través dos seguintes cauces:

1. Anticipo de caixa fixa, aboadas a través da coordinadora de servizos sociais, disposto para tal fin segundo as bases de execución do orzamento municipal para a atención dos gastos de axudas de emerxencia social exceptuando as axudas para gastos farmacéuticos, de desprazamento e as escolares.
2. Directamente, a través do sistema de vales.

Art. 22.- Causas de denegación da axuda

Non procederá a concesión das axudas económicas municipais cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

1. Non cumprir os requisitos esixidos no artigo 2.
2. Non ter cumpridas outras obrigas derivadas doutros programas da área de servizos sociais municipais.
3. Que a axuda solicitada non constitúa unha solución axeitada ou non resolva de forma significativa a necesidade formulada.
4. Non estar debidamente xustificada a situación de necesidade.
5. A actuación fraudulenta do solicitante para obter a prestación, falseando ou ben ocultando datos relativos ao expediente.

Art. 23.- Causas de extinción da axuda

Son causas de extinción das axudas:

1. O falecemento, renuncia ou traslado definitivo do solicitante fóra do municipio de Cambre.
2. O cumprimento do prazo de duración da prestación económica.
3. A desaparición das circunstancias ou situación de necesidade que motivou a concesión da axuda económica.
4. A ocultación ou falsidade dos datos subministrados e que foron tidos en conta para a súa concesión.
5. A perda dalgúns dos requisitos ou condicións esixidos para ser beneficiario da axuda económica.
6. Non destinar a axuda para a finalidade para a que foi concedida.
7. A falta de colaboración e incumprimento dos compromisos asumidos no proxecto de intervención social.
8. Non xustificar a axuda concedida ou non presentar as facturas requiridas, de ser o caso, para acreditar o emprego axeitado dela ou da causa que motivou a concesión da axuda.
9. Ter obtido unha axuda de igual ou similares características por parte doutra administración ou institución pública ou privada.

TÍTULO IV DEREITOS E DEBERES DOS BENEFICIARIOS

Art. 24.- Obrigas dos beneficiarios

Constitúen obrigas dos beneficiarios as seguintes:

- Empregar a prestación para a finalidade para a que foi concedida.
- Facilitar o seguimento da súa situación ao equipo técnico municipal de servizos sociais, así como seguir as súas indicacións para beneficiarse da utilización das axudas.
- Comunicar aos servizos sociais municipais, no prazo de 15 días hábiles, todas aquelas variacións que se produzan na situación sociofamiliar e económica que puideran

- modificar as circunstancias que motivaron a súa solicitude, e que puideran dar lugar, polo tanto, ou a modificación ou extinción da axuda concedida.
- Comunicar aos servizos sociais municipais, no prazo de 15 días hábiles dende que teñan recibido a notificación, a obtención doutras axudas co mesmo fin.
 - Reintegrar o importe das axudas económicas indebidamente percibidas.
 - Prestar a debida colaboración e cumprir coas indicacións do proxecto de intervención.
 - Xustificar nun prazo de 15 días, dende a concesión da axuda, os documentos que acrediten a realización do gasto que motivou a concesión da axuda.

Art. 25.- Dereitos dos beneficiarios

A percibir a axuda solicitada unha vez concedida esta.

TÍTULO V RÉXIME XURÍDICO

Artigo 26.- Infraccións

No suposto previsto nos artigos 22.5 e 23.4 de actuación fraudulenta do solicitante para obter a prestación, falseando ou ben ocultando datos relativos ao expediente, así como no suposto previsto no artigo 23.6 respecto de non destinar a axuda para a finalidade para a que foi concedida, non se poderá solicitar nova prestación no prazo de un ano dende a notificación da resolución.

Artigo 27.- Confidencialidade

Garántese a confidencialidade dos datos obtidos na tramitación dos expedientes, de conformidade coa Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no artigo 6 punto 3: Todas as persoas, en tanto que usuarios de servizos sociais terán os seguintes dereitos en relación co sistema galego de servizos sociais: á confidencialidade, ao sigilo e ao respecto en relación cos seus datos persoais e coa súa información que sexa coñecida polos servizos sociais en razón da intervención profesional. E no artigo 81 e): son infraccións graves o incumprimento do deber de sigilo e confidencialidade en relación coa información obtida no exercicio das súas funcións.

Igualmente, estarase ao disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a anterior Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar, que foi publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia núm. 238 de data 18 de outubro de 2005.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**ANEXO I
SOLICITUDE AXUDA EMERXENCIA SOCIAL**

A. DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
			TELÉFONO
DATA DE NACEMENTO	LUGAR	PROVINCIA	ESTADO CIVIL
DOMICILIO	COD. POSTAL	MUNICIPIO	

B. DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
DOMICILIO		MUNICIPIO	PROVINCIA
COD. POSTAL	TELÉFONO	TÍTULO DE REPRESENTACIÓN:	

C. DATOS SOBRE A UNIDADE DE CONVIVENCIA. COMPOSICIÓN

PERSOAS INTEGRANTES DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	NIF	PARENTESCO COA/CO SOLICITANTE	DATA DE NACEMENTO
SOLICITANTE			

D./D^a _____, como (solicitante ou representante legal)

DECLARA:

Que todos e cada un dos datos consignados na presente solicitude son certos e comprobables documentalmente, quedando informado/a de que o seu ocultamento ou falsidade dará lugar á esixencia das responsabilidades que diso puideran derivarse, así como da obriga de comunicar ao CONCELLO DE CAMBRE, calquera variación dos datos declarados ou acreditados que puideran producirse no sucesivo.

Que de conformidade co establecido na normativa reguladora das subvencións públicas, DECLARA non estar incurso en ningunha causa de prohibición para ser considerado beneficiario de subvencións e atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

Cambre, a _____ de _____ de 201__ Asdo.:

NOTA INFORMATIVA: Os datos recollidos na presente solicitude facilitaranse de forma voluntaria; en caso de non facelo non será posible o seu trámite. Estes datos serán incorporados a un ficheiro automatizado coa exclusiva finalidade da resolución do expediente, cuxo tratamento é responsabilidade da dirección do Concello de Cambre, área de Servizos Sociais, e respecto deles, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal.

Existe a posibilidade de cesión dos datos a outras Administracións, Entidades ou Organismos Públicos ou Privados, para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas destas entidades e do Concello de Cambre.

ANEXO II
MODELO DE AUTORIZACIÓN

Autorización para a cesión de información relativa ao nivel de renda e ás obrigacións tributarias co Estado e a Comunidade Autónoma e a Seguridade Social para os efectos de solicitude de axuda de emerxencia social municipal, a cubrir por todos os membros da unidade de convivencia maiores de 18 anos.

NOME E APELIDOS	ENDEREZO	DNI	SINATURA

autorizamos ao Concello de Cambre para solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre o nivel de renda e sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, para os efectos de **solicitude de axuda de emerxencia social municipal**.

Lugar, data e sinatura

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGAR O SOLICITANTE

CON CARÁCTER XERAL

- o Solicitude conforme modelo oficial (Anexo I).
- o Documentos de identidade (DNI/NIE/PASAPORTE) da unidade de convivencia.
- o Fotocopia compulsada libro de familia.
- o Fotocopia compulsada do último recibo pagado de aluguer ou amortización da vivenda habitual ou no seu defecto extracto bancario ou calquera tipo de documento onde figure o ingreso por este concepto.

Xustificación da situación económica do solicitante e dos maiores de 16 anos que conformen a unidade familiar:

- o Modelo de autorización para solicitar os datos a nivel de renda (Anexo II).
- o Fotocopia compulsada da declaración trimestral a conta do IRPF e o IVE, no caso de alta no réxime de autónomos.
- o Certificado de vida laboral (chamar ao 901 50 20 50).
- o Copias compulsadas das últimas 6 nóminas xustificativas dos ingresos percibidos.
- o Copias compulsadas das 3 últimas nóminas.
- o Declaración responsable dos ingresos que percibe mensualmente por algunha actividade laboral sen asegurar,
- o Fotocopia compulsada da tarxeta de demandante de emprego.
- o No caso de percibir algunha pensión ou prestación, deberá presentarse certificado expedido polo organismo competente da cantidade mensual que percibe.
- o Certificado expedido polo INEM sobre a percepción ou non dalgunha prestación deste organismo.
- o Movements bancarios dos últimos 6 meses de todas as contas bancarias na que figure como titular ou autorizado.

CON CARÁCTER ESPECÍFICO

- o Fotocopia compulsada do contrato de aluguer.
- o Fotocopia compulsada do certificado de minusvalía.
- o Fotocopia compulsada da sentenza de separación ou divorcio ou convenio regulador na que conste a contía das pensións compensatorias e/ou alimenticias.

- Xustificación documental de ter formulado a correspondente denuncia por incumprimento da obriga ou documento de inicio do proceso de petición de manutención por alimentos e/ou compensatoria.
- Dous orzamentos diferentes do gasto que orixine a petición da axuda nos casos en que proceda.
- Prescrición médica emitida polo facultativo que corresponda do centro de saúde nos casos de axudas para medicación, próteses, tratamentos especializados e lentes correctoras.
- Calquera outro documento que os servizos sociais municipais estimen oportuno para acreditar o cumprimento dos requisitos para a percepción das axudas ou para complementar ou actualizar a información.

Segundo: Abrir un período de información e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola Corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobada a ordenanza de referencia, publicándose integramente no *Boletín Oficial da Provincia*.

Cuarto: A ordenanza entrará en vigor unha vez teña transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, quedando derogada a anterior Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar, que foi publicada integramente no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 238 de data 18 de outubro de 2005.

2.3. Proposta de aprobación inicial dunha nova ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar, e derogación da ordenanza actualmente en vigor

O Sr. presidente explica que nas comisións informativas do pasado martes acordouse deixar esta proposta sobre a mesa para tratala no vindeiro pleno do mes de setembro.

2.4. Proposta de modificación do acordo regulador núm. 5 do prezo público polo servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo de data 11 de xullo de 2013.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda de data 16 de xullo de 2013.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, explica que do que se trata aquí é de aprobar a nova forma de participación en aplicación do decreto aprobado pola Xunta de Galicia que corresponde á lei do 2006. Simplemente se trata de cambiar os tramos e as formas de pasar ao cobro os recibos. Di que poden estar ou non de acordo con esta orde, pero o caso é que están obrigados a cumprila, porque se non o fan poderían estar ante a posibilidade de perder unha das maiores subvencións que recibe o Concello de Cambre, que serían os 236.000 euros que lles deron o ano pasado no concepto de axuda no fogar.

Explica que os tramos que diferencia a Lei de dependencia os marca a Xunta. Fíxanse uns tantos por cento en función dos ingresos dos usuarios, e no suposto de libre concorrência, que é o que lle toca aplicar ao Concello de Cambre, tamén lles impoñen uns tramos. O primeiro tramo vai dun 10 a un 20%, e a súa proposta é do 10%. No segundo tramo que vai dun 20 ao 30%, ela propón o 20%, é dicir, sempre aplicando o tanto por cento inferior do tramo.

Nalgúns casos algúns usuarios poden verse prexudicados, pero a súa proposta vai dirixida a que sexa o menor número de usuarios posible o que se vexa prexudicado con este decreto. Son usuarios que non pagaban nada e van ter que pasar a pagar algo.

En todo caso, di que dende Servizos Sociais, e así se recolle no informe que teñen feito dende ese departamento, farase unha valoración polos técnicos municipais para que se algunha persoa con ingresos baixos, que agora se vexa obrigada a pagar, non o pode facer, elaborar un informe social e acadar que pague como antes, é dicir, 0 euros.

No seguinte tramo, non obstante, que abarca o maior número de persoas que teñen no concello, esas persoas pasan de pagar 2,70 euros a pagar 1,36 euros, co cal ese segundo tramo vaise ver beneficiado pola nova regulación.

Conclúe reiterando que o decreto pode gustar ou non, pero é o que teñen que aplicar e ten que estar aprobado antes do 30 de setembro, ou corren o risco de perder unha das maiores subvencións que percibe o Concello de Cambre.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que polo dito, non sabe se á Sra. concelleira lle gusta a baremación que se ten establecido para determinar a contía que os perceptores do servizo de axuda no fogar deben aboar. En concreto, como ela ben dixo, os usuarios de libre concorrência, que, por outra parte, son en número os de maior porcentaxe. Non sabe se á Sra. concelleira lle gusta, pero aos concelleiros do grupo socialista non.

O tramo de baremación respecto da capacidade económica fixado entre o 80 e o 150% do IPREM parécelles excesivo, a priori mete no mesmo saco usuarios con realidades económicas moi diferentes. Quere lembrar que a Xunta recomenda, non impón e, polo tanto, non van asentir con todo o que se propón.

Conclúe dicindo que co seu voto de abstención amosan a súa desconformidade respecto do tratamento e frialdade dunhas cifras que non deixan marxe a recoller a idiosincrasia dos perceptores de servizos de axuda a domicilio no municipio de Cambre.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo tamén se vai abster.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que eles, no mesmo sentido que acaba de comentar o compañeiro do PSdeG-PSOE, tamén se van abster, sen deixar de mencionar tamén, nun sentido parecido, que están

ante un recorte máis da autonomía dos concellos por parte do goberno do PP. Realmente si que hai unha chantaxe por parte da Xunta para o caso de non aprobar as modificacións que fixa o decreto, porque xa indica que se perdería a subvención que se percibe para cofinanciar a prestación de servizos sociais.

Quere dicir con isto que de novo están ante un ataque ás clases máis desfavorecidas que son as que sofren a subida, con independencia de que despois o concello a través dun informe de servizos sociais decida axudar a aquelas persoas que están máis desfavorecidas, pero de entrada a quen se prexudica é a unhas persoas que cobrando ou tendo unha renda de 532 euros/mes, pasan de non ter que aboar absolutamente nada a ter que aboar 1,38 euros/hora. Se á Sra. concelleira do equipo de goberno, que pertence ao partido que fai este decreto, non lle gustan as porcentaxes, pídelles que imaxine o que lles parece a eles.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que o seu grupo vaise abster. Igual que o resto dos compañeiros non van entrar en debate, pero di que, indudablemente, é sabido por todos que o BNG aposta por uns servizos públicos gratuítos e universais, co cal simplemente dicir que se van abster.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP e os dous concelleiros do GM, e abstéñense os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por oito votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar a modificación do texto do acordo regulador núm. 5 de prezo público polo servizo de axuda no fogar e outras prestacións sociais segundo se transcribe a continuación:

Modifícase o artigo 2º do presente acordo regulador, quedando como segue:

“Artigo 2º. - Concepto.

Os prezos públicos aquí regulados constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que se satisfarán polos usuarios que voluntariamente soliciten algún dos servizos públicos municipais que se desenvolvan de cara a prestación de axuda a nivel preventivo, educativo, asistencial e rehabilitador a individuos e familias no seu domicilio cando se atopen incapacitados, temporal ou permanentemente, por motivos de carácter psíquico, físico ou social, para realizar as tarefas esenciais da vida diaria, manténdoo no fogar e integrándoo no seu entorno natural mellorando a súa calidade de vida, de acordo coa Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, e o Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, especificados nas tarifas contidas no artigo 5º do presente acordo regulador.”

Modifícase o artigo 5º do presente acordo regulador, quedando como segue:

“Artigo 5º. – Contía.

1.- A contía do prezo público a aboar polos usuarios do servizo de axuda no fogar determinarase aplicando as porcentaxes reguladas no presente artigo, tal e como se establece no Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, ao prezo por hora de prestación, e multiplicando polo número de horas de prestación efectiva do mesmo

O prezo por hora de prestación do servizo de axuda no fogar, virá determinada polo custo que para o concello supoña en cada momento a hora de servizo prestado. Dito custo será, polo tanto, o importe, IVE engadido, que resulte de aplicación do contrato administrativo do servizo público de axuda no fogar.

1.1.- Tarifa 1. Para a determinación da contía a aboar, pola prestación do servizo de axuda no fogar a persoas dependentes valoradas, con dereito de atención recoñecido, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

	Grao I		Grao II		Grao III	
	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
Capacidade económica (referida ao IPREM)	20 horas	30 horas	40 horas	55 horas	70 horas	90 horas
Inferior ou igual ao 100% do IPREM	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Maior do 100% e menor ou igual ao 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
Maior do 115% e menor ou igual ao 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
Maior do 125% e menor ou igual ao 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
Maior do 150% e menor ou igual ao 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
Maior do 175% e menor ou igual ao 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
Maior do 200 % e menor ou igual ao 215% do IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
Maior do 215 % e menor ou igual ao 250% IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
Maior do 250 % e menor ou igual ao 300% IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%

Nos casos en que por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no Plan Individualizado de Atención (PIA), ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do servizo de axuda no fogar (SAF), con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

1.2.- Tarifa 2. Para a determinación da contía a aboar, pola prestación do servizo de axuda no fogar a persoas que non teñan recoñecida a situación de dependencia, ou as que non asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención e dependencia segundo o calendario de implantación que establece a Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria.

Capacidade económica	Participación no custo do servizo de SAD básico
Menor ou igual ao 0,80 do IPREM	0,00%
Maior do 0,80 e menor ou igual a 1,50 do IPREM	10,00%
Maior do 1,5 e menor ou igual a 2 do IPREM	20,00%
Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 do IPREM	40,00%
Maior de 2,5	60,00%

Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

En calquera caso establécese un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

2. Para os efectos do previsto no apartado anterior, a capacidade económica das persoas usuarias calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio, tal e como está definido no decreto 99/2012, na ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar, e demais normativa que resulte de aplicación.

Os servizos sociais do concello realizarán a revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

3. De acordo co artigo 44, apartado 2, do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo o Pleno poderá fixar prezos públicos que non cubran o custe do servizo ou actividade prestado, dado que nestes casos concorren razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, ao perseguir con estas actividades a consecución do mandato establecido na Constitución española de protección social (artigos 49 e 50).”

Segundo: Publicar este acordo para o seu xeral coñecemento no boletín oficial da provincia segundo o disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de

régime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: A presente modificación do acordo regulador do prezo público producirá efectos a partir do 1 de setembro de 2013.

2.5. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Non foi utilizado este punto.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da declaración institucional presentada pola Corporación. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da declaración institucional presentada.

Declaración institucional conxunta da Corporación do Concello de Cambre para o nomeamento dunha rúa, glorieta ou outra infraestrutura co nome de José Luis Muruzábal Arlegui

Rexistrada de entrada ao núm. 9944 o día 18 de xullo de 2013, consta do seguinte teor literal:

“Vista a proposta de moción da Concellería delegada de Servizos Sociais, Sanidade e Educación de data de 17 de xullo de 2013, segundo o disposto no Regulamento orgánico municipal, propónse a seguinte moción con base na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

José Luis Muruzábal Arlegui, avogado laborista de recoñecido prestixio, sindicalista histórico, filántropo e activista social, falecido o pasado 16 de xullo, chegou á rúa do Temple no ano 1979 e dende hai 15 anos fixou a súa residencia na parroquia de Meixigo. Dende a súa chegada a Cambre sempre participou dos movementos veciñais e na loita e na defensa de calquera problemática que afectase ao benestar dos/as veciños/as.

No que respecta á súa faceta máis social, Muruzábal foi un dos fundadores da Asociación Pro Enfermos Mentais (APEM) no ano 1980, pasando a ser o seu presidente na década dos noventa.

Muruzábal caracterizouse por ser unha persoa tenaz na defensa dos dereitos das persoas con enfermidades mentais e os seus familiares. Loitou por dignificar a súa vida e por rachar cos múltiples estereotipos e estigmas que rodean á enfermidade mental.

Grazas o seu labor ao fronte da asociación APEM a área sanitaria da Coruña conta hoxe con múltiples servizos e programas dirixidos a persoas con enfermidades mentais e ás súas familias.

No que respecta aos 9 concellos integrados no Consorcio das Mariñas, José Luis Muruzábal foi o impulsor e artífice do Plan de atención a persoas con enfermidades mentais no territorio do Consorcio das Mariñas a través do Plan coordinador de servizos sociais do ente supramunicipal. Este plan, asinado no ano 2004, supuxo para os veciños e veciñas do Consorcio das Mariñas a creación de 2 centros de recuperación psicosocial e laboral (Cambre e Betanzos), 4 pisos tutelados (Cambre, Culleredo, Arteixo e Betanzos), o desenvolvemento do Centro Especial de Emprego EMSO (emprego social) con máis de 60 traballadores/as con diversidade funcional, a consolidación e a ampliación da atención médica especializada en saúde mental nos centros de saúde de atención primaria (Cambre, Oleiros, Culleredo) coa ampliación da atención por parte de psiquiatras nos centros de saúde de Cambre, a creación do servizo no Concello de Oleiros e a próxima creación dunha unidade completa de saúde mental no Concello de Culleredo, a creación de programas de ocio e tempo libre destinados ás persoas con enfermidades mentais e aos seus familiares.

O 10 de outubro conmemorouse o día mundial da saúde mental. Dende hai 10 anos, grazas ao seu gran impulsor José Luis Muruzabal, APEM e os 9 concellos do Consorcio das Mariñas celebran nesta data a denominada “semana da saúde mental” a través de distintas actividades de sensibilización co obxectivo de defender a dignidade das persoas con enfermidades mentais e de loitar contra o estigma, descoñecemento e prexuízos que a sociedade lles ten asignado a estas enfermidades.

A asociación APEM, conta tamén na área sanitaria da Coruña e grazas ao incansable labor de José Luis Muruzábal dos seguintes recursos:

- unha unidade residencial para persoas con enfermidades mentais en Cee
- un centro de recuperación psicosocial e laboral en Cee
- un centro de recuperación psicosocial e laboral en Carballo
- dous centros de recuperación psicosocial e laboral na Coruña
- seis pisos tutelados
- programas de traballo coas familias en alternativas de ocio e tempo libre
-

Sería interminable describir o prolífico labor social a favor das persoas con enfermidades mentais e os seus familiares desenvolta por José Luis Muruzábal. Todas estas actividades desenvolveunas de xeito totalmente altruísta e solidario.

Ademais, José Luis Muruzábal destacou tamén polo seu compromiso solidario asesorando e representando de xeito gratuíto e altruísta a múltiples traballadores/as e familias con dificultades para defender os seus dereitos laborais.

Por estes motivos, presentamos a este pleno para a súa aprobación, se procede, os seguintes ACORDOS:

Primeiro: Nomear unha rúa, glorieta ou outra infraestrutura co nome de José Luis Muruzábal Arlegui.

Segundo: Instar á FEGAMP a que faga extensiva a dita proposta para que todos os concellos de Galicia opten pola mesma iniciativa que hoxe propoñemos neste concello.”

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaioito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE instando ao goberno municipal a que repoña o horario completo de atención ao público no rexistro municipal da Casa das Palmeiras

Rexistrada de entrada ao núm. 9716 o día 13 de xullo de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“Sendo a administración municipal a máis próxima aos cidadáns, o rexistro municipal eríxese en punto de atención aos veciños e veciñas constituíndo, por extensión e en moitas ocasións, “a porta de entrada” dos cidadáns ao concello; por consecuencia, a primeira impresión que reciben do seu concello, do seu funcionamento, ..., dos seus representantes.

Lamentablemente, estas premisas non se cumpren no rexistro municipal da Casa das Palmeiras. Non imos incidir na imaxe que este rexistro transmite e os comentarios e sensación de abandono que suscita entre os veciños e veciñas do Temple: un único funcionario, un ordenador, unha mesa, unha cadeira e cables colgando polas paredes. Permítame esta Corporación que lembre sucintamente algúns datos que o grupo

municipal dos socialistas de Cambre considera básicos pero determinantes á hora de xustificar, por si mesmos, a presentación da presente moción:

- Practicamente un de cada tres veciños de Cambre reside no Temple, nos núcleos urbanos do Temple-Graxal.
- Máis da metade dos trámites que formalizan os nosos veciños por mor da actual conxuntura económica e social fanos veciñas e veciñas do Temple.
- A meirande parte da poboación inmigrante do noso concello reside nos núcleos urbanos do Temple-Graxal.

Varias foron as iniciativas que ten presentado o grupo municipal dos socialistas de Cambre sobre este asunto dende o peche, inxustificadamente, deste rexistro: rogos e preguntas nos plenos ordinarios de maio e setembro do pasado ano solicitando a súa reapertura. Así mesmo, os veciños e veciñas do Temple realizaron unha concentración o 10 de maio do pasado ano, requirindo a súa inmediata reposición.

O próximo mes de setembro cumprírase un ano da reapertura, en precario, do rexistro municipal da Casa das Palmeiras, tempo suficiente para facer balance da medida restritiva posta en marcha polo goberno municipal.

A reapertura do rexistro municipal da Casa das Palmeiras en horario de luns a venres de 9:00 a 11:00 horas é, a todas luces, inxusto, insuficiente e discriminatorio por canto restrinxe e supedita a relación dos cidadáns coa administración que os representa. Lémbrolle ao goberno municipal que nos debemos aos nosos veciños e non ao revés como parecen entender vostedes. Este horario tan reducido provoca situacións lamentables, cando non esperpénticas, como que o funcionario do rexistro en cuestión, do que queremos destacar o seu labor e profesionalidade, no seu loable afán de atender a todos os veciños que acuden ao rexistro, unha vez que dan as 11:00 da mañá, se peche nas dependencias cos que aínda non puideron ser atendidos para cursar as súas solicitudes, o cal carrega que nalgúns casos o rexistro da Barcala, atendido polo mesmo funcionario, de 12:00 a 14:00 h, non abra puntualmente, como por outra banda sería esixible dende o punto de vista de servizo público. Tal circunstancia leva consigo que departamentos municipais da Barcala, sen competencia para iso, recepcionen instancias e documentación que se rexistran unha vez que o funcionario chega.

A Casa das Palmeiras non dispón dun conserxe que sirva de nexo de unión entre os usuarios e os servizos administrativos que se prestan nestas dependencias. Atender todo tipo de consultas, teñan ou non que ver co obxecto do rexistro como facer fotocopias ou pedir un taxi, é unha constante no día a día do seu funcionamento. A acumulación de tarefas como solicitudes de actualización dos datos do padrón, dilixenciar facturas ou outros procedementos internos, tramitar solicitudes de informes sociais, solicitudes de gratuidade ou exención de taxas e tributos impiden, en moitas ocasións, respectar o horario establecido.

Desgrazadamente son moitos os días nos que non é posible atender a todos os veciños do Temple que requiren deste servizo no horario establecido, dándose a circunstancia, en demasiadas ocasións, que persoas que esperan ser atendidas na Casa das Palmeiras, vense obrigadas a acudir, unha vez que pecha o rexistro, á

Barcala, en moitos casos andando, con nenos pequenos, por non dispor de vehículo propio nin cartos para o transporte. Non pode ser que o rexistro da Barcala se converta dalgunha maneira, nunha especie de rexistro auxiliar do rexistro auxiliar da Casa das Palmeiras, lembremos auxiliar, á súa vez, do rexistro principal situado na casa do concello. E dicimos auxiliar porque non dispón, por exemplo de “portelo único” polo que determinados trámites de índole supramunicipal, os que teñen á Xunta como destinataria, hai que seguir a facelos en Cambre. Tampouco dispón de caixa onde pagar calquera tipo de taxa polo servizo requirido; cóbranse as taxas por expedición de certificados, por exemplo, pero non as de maior contía. O funcionario non dispón de cambio co que o usuario quere pagar e non pode, vai cambiar ao establecemento máis próximo e para cando volve ao rexistro, este xa está pechado, iso si, poñémolle á súa disposición un TPV (terminal de punto de venda) para aboar, por exemplo, taxas derivadas dunha situación de penuria económica. O mesmo pode ocorrer se lle falta algún documento; inicia o trámite na Casa das Palmeiras e remátao na Barcala: un trámite, dous rexistros. Estes son só algúns exemplos da realidade do funcionamento e funcionalidade deste rexistro.

Por todo o anterior, o grupo municipal dos socialistas de Cambre presenta ao pleno da Corporación a seguinte proposta de acordo:

Instar ao goberno municipal a que repoña o horario completo e funcións que viña desempeñando o rexistro municipal da Casa das Palmeiras antes do peche unilateral acordado polo goberno municipal; equiparándoo en horario e atribucións ao rexistro principal situado nos baixos da casa do concello.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que non lles caiba a mínima dúbida de que o farán en canto lles sexa posible.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que iso é tanto como non dicir nada.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que quere dicir que van votar a prol da moción.

Don Jesús Bao Bouzas agradece a intención do Sr. Andreu e aprémao a que á maior brevidade comprometa unha data para esa reapertura, en caso de que non sexa así, eles insistirán, evidentemente, e buscarán o compromiso real e efectivo en horario e data. Di que o Sr. Andreu está insinuando que, como a moción non recolle unha data, demorarán a reapertura sine die. Eles ínstano a que reabra inmediatamente o rexistro, e gustaríalles escoitar o que teñen que dicir os demais grupos.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre explica que el o que lle pode dicir é que, o día que poida facelo, farao, sen máis demora, inmediatamente, pero o día que o poida facer.

Don Jesús Bao Bouzas pregunta de que depende que non se poida acometer agora, e pídlle por favor que non lle diga que é porque non pode contratar persoal. Levan vendo como asente pleno tras pleno aos comentarios do concelleiro de Obras e Servizos respecto da dotación de medios humanos para prestar o labor do servizo de obras e servizos, pídlle que non lles diga outra vez que non se pode contratar.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que el pode contratar cando o técnico responsable lle xustifica unha necesidade urxente e inaprazable, iso é o que di a lei, eses son os únicos motivos polos que el pode contratar de forma máis ou menos sistemática, pero incluso hai discrepancias sobre o que se pode entender por unha necesidade urxente e inaprazable, e el o que non vai facer é contratar baixo a súa propia responsabilidade e con todos os informes en contra.

O concelleiro socialista dille que non poña como escusa que non pode contratar, pero é que esa é a escusa, e se non lle deixa utilizala, entón dificilmente terá argumentos. El xa lle di que o fará en canto poida facelo. No tema dos auxiliares acaban de ter un problema puntual e é un verdadeiro problema, porque non teñen auxiliares para recolocar sen mingua doutros departamentos, ao mellor o concelleiro socialista ten unha proposta e lle di que quite un auxiliar de Urbanismo ou que o quite de Obras, ou de Servizos Sociais para poñelo no rexistro, el valorarao, pero ese traballo el xa o fixo e non viu a posibilidade.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas manifesta, por alusións, que o Sr. Andreu é ata o día de hoxe o concelleiro de Persoal, e el o que lle pide é que reorganice as estruturas administrativas do concello, para que os veciños do Temple gocen do servizo que demandan, necesitan e merecen. Hai un momento ao Sr. Andreu traizoouno o seu subconsciente, cando falou de escusa, porque el non utilizara esa palabra. El o que dixo é que a falta de persoal ou a falta de capacidade de contratar non pode ser unha escusa, aquí hai unha prioridade, que é o servizo público e hai que atendelo. Di que lles vai poñer como exemplo o que ocorreu hoxe na Casa das Palmeiras. Despois dunha reunión en Servizos Sociais el estivo alí ata o peche do rexistro. Viu dende un neno que estaba toqueteando a regreta dos enchufes, que por certo estaban enriba da mesa do funcionario, ata un veciño que quixo facer un trámite ante a Xunta e lle dixeron que non, que fora a Cambre ou á Coruña. Houbo dous padróns, un que comezou a tramitarse ás 10.30 h, había unha persoa agardando, deron as 10.50 h, e á vista de que a funcionaria non podía atendelos, ás 11.00 pediulles que pasaran, seguiu atendendo ao anterior e, en consecuencia, eran as 11.20 h cando se estableceu o último rexistro.

Dille ao Sr. Andreu que el ten constancia da data e da hora en que se rexistran os trámites que os veciños de Cambre fan na Casa das Palmeiras, o sabe perfectamente, por iso lle pide que non lle diga que cando poida. Esta é unha decisión urxente e inaprazable.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre di que esa é a súa opinión, o que politicamente pode ser urxente e inaprazable non necesariamente ten que selo a niveis técnicos. O goberno vai votar a prol da moción, porque que máis quixera el que poder mellorar o servizo, porque ao mellor o que están pensando é que no goberno municipal están para entorpecer o servizo. Non, no goberno o que están é para mellorar o servizo e non ter problemas, iso é o que eles pretenden, aínda que só sexa en termos de rendibilidade política.

O goberno é o primeiro interesado en facelo, pero vaille propoñer outra alternativa, mañá mesmo vai asinar unha providencia pedíndolle ao xefe do departamento que lle

faga un informe sobre a urxente e inaprazable necesidade de contratar a unha persoa para cubrir ese servizo. Di que en canto o teña, farállelo chegar, e se é posible, asegúralle que ao día seguinte inicia os trámites para contratar unha persoa.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas dille que o feito de ser urxente e inaprazable non ten que ver coa rendibilidade política, senón que hai unha necesidade social. O Sr. alcalde está presente e sabe que dous meses despois da reapertura da Casa das Palmeiras recibiu, en primeira persoa, queixas do servizo, do funcionamento e do horario, o sabe perfectamente, e sabe a resposta que deu.

Conclúe dicindo que a iso se refire e a iso se remite, non hai máis que ver o día a día do funcionamento do rexistro.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre responde que vontade asegúralle que toda, tanta que non lle quere modificar nin unha soa coma do que se di na moción, están de acordo dende o principio ata o final, e dálle o seu compromiso, aínda que xa o leva facendo dende hai bastante tempo, de que reforzará os seus esforzos a partir de hoxe, por intentar resolver o problema canto antes, e garantízalle que no mesmo momento en que o poida resolver, farao. Iso garantízallo.

Don Jesús Bao Bouzas manifesta que manterán unha espera activa.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que felicita ao grupo socialista por esta moción. Eles están de acordo, cre que todos os grupos xa teñen manifestado hai tempo que están de acordo con que se necesita ese servizo na Casa das Palmeiras. É unha demanda de todos os veciños do Temple.

O Sr. Andreu falaba de mellorar o servizo, pero para facer iso hai que facer xestión e hai que traballar, non dicir que a partir deste pleno vai pedir un informe, xa o tiña que ter pedido hai máis dun ano, ou polo menos pedilo para saber se había que pechar a Casa das Palmeiras ou non, e non pechala de forma unilateral como fixeron.

Insiste en que hai que facer xestión, e quere poñerlle un exemplo, a xestión dos conserxes. O goberno está mandando dous conserxes todas as mañás á Coruña nun coche, e o motivo de mandar dous conserxes a levar uns libros ao colexio do Temple, ou ir á Coruña a facer calquera tipo de xestión, non é outro, segundo din estes conserxes, que non se lles paga o custo do aparcadoiro, xa que teñen que presentar unha factura da empresa, e esa factura teñen que pedila, segundo din, á empresa do aparcadoiro, onde tardan meses en mandala, igual por 30 ou 60 céntimos que lle piden dende os servizos económicos do concello.

Di que esa é a xestión que o equipo de goberno está facendo, votan moitas mocións a prol, mocións que logo non se levan a cabo. Di que eles xa non lles cren nada. UxC está de acordo con esta moción do grupo socialista e vai votar a prol, pero non cren que este goberno vaia facer nada, agás un ano antes das eleccións, que seguro que os veciños do Temple van dispoñer deste servizo na Casa das Palmeiras.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta, por alusións e por matizar unha cuestión, que a el alégralle sinceramente que o Sr. voceiro de UxC lle

demostre que está ao día, e moi ao día, da actualidade municipal, tanto é así que chega hoxe ao pleno cun tema que el, concelleiro de Réxime Interior, coñeceu hoxe, o tema dos aparcadoiros. Coñeceu hoxe, e hoxe mesmo o solucionou coa tesoureira, pero alégrase de que o Sr. García Patiño estea tan ao día.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que cre que todos, ou polo menos moitos están convencidos da necesidade de abrir a Casa das Palmeiras a tempo completo. Cre que os responsables son conscientes de que este concello ten a obriga de prestar adecuadamente un servizo que se está dando en precario.

Dende o goberno din que faltan recursos, que falta persoal, el cre que, como sempre, nestes casos hai que priorizar, ver o que é máis interesante, abrir a Casa das Palmeiras ou facer outras cousas ben distintas que baixo o seu criterio non son tan interesantes.

Como ben se dixo na moción, houbo unha concentración alí por este tema, por certo coa mala fortuna de que algún membro do goberno a quixo desnaturalizar e sacarlle a importancia que tiña. EU, dende logo, se en breve non se realiza a apertura da Casa das Palmeiras a tempo completo, vai seguir animando á mobilización e á concentración, as veces que faga falta.

En canto ao que dixo o Sr. Andreu da rendibilidade política, para el non vén ao caso, sempre están co mesmo, a rendibilidade política, pregunta se é ese o tema, ou se non son máis importantes outras cousas. Parécelle que esas palabras están por debaixo do que están tratando agora.

Conclúe dicindo que van apoiar a moción.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, diríxese ao Sr. Andreu para dicirlle que baixo o seu punto de vista, a súa resposta á moción do PSOE é unha falta de respecto, pero non unha falta de respecto aos que están aquí, senón unha falta de respecto aos veciños do Graxal, do Temple e da Barcala, eses veciños que teñen tanto en conta cando son as eleccións.

Dende logo eles van apoiar esta moción, e chámalles moito a atención o discurso do Sr. Andreu, como dixo antes por irrespectuoso, pero tamén porque el está aquí para resolver problemas, leva dous anos aí e os veciños páganlle para resolver problemas, non cre que faga falta que veña unha moción de ningún grupo da oposición para que se poña a resolvelos. En dous anos a Casa das Palmeiras, primeiro estivo pechada e agora leva meses cun servizo totalmente precario. Di que a ver cando se pon o Sr. concelleiro e resolve este problema.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre contesta que ao mellor a Sra. concelleira chama irrespectuoso a dicir a verdade á xente, ao mellor o que ela considera respectuoso é mentirlle á xente e dicirlle o que quere oír. Di que el ten a manía de intentar dicir sempre a verdade, e cando non pode facer unha cousa, dicilo, non ten ningún problema en facelo, recoñecer que non pode resolver un problema se é que non pode facelo.

Continúa dicindo que a mala política, que é a política tradicional que se veu facendo neste concello, é irlle dicindo á xente que se lle van solucionar os problemas e despois nunca se lle solucionaron, ese é o problema. Di que el de verdade confía na xente, e confía na súa bondade para entender as cousas cando se lle di a verdade e se lle di sinceramente.

Conclúe dicindo que el di a verdade, dilla aos concelleiros e dilla aos veciños, gústelles ou non, porque non hai outra, a verdade é unha, el non pode contratar persoal, e se non pode contratar persoal non pode solucionar o problema, esa é a verdade. Cando poida solucionar o problema, que non lles caiba a menor dúbida de que o fará, de verdade o di, porque é o primeiro interesado en solucionalo.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto manifesta que iso de que di a verdade ...

O Sr. alcalde pídlle que se centre na moción.

Dona M^a Victoria Amor Prieto sinala que quen falou de que sempre dicía a verdade e de que non lle mentía aos veciños foi o Sr. Andreu, entón loxicamente ela vaille contestar, co permiso do Sr. alcalde. Con ese permiso vaille dicir, en primeiro lugar, que politicamente as súas mentiras constan en acta e, en segundo lugar, que os veciños do Graxal son moi importantes para o PP cando hai eleccións, que é cando lles empapelan a rúa Tapia. Todos lembran que ata saíron na prensa como o lugar de Galicia máis empapelado.

Di que o feito de que os veciños do Graxal estean neste momento co servizo que teñen na Casa das Palmeiras, é competencia do Sr. concelleiro. El é quen ten que resolvelo, mentírlles non, simplemente ten que resolvelo, non ten que dicir nada, ten que poñelo a funcionar de forma digna, como se merecen os veciños que lle pagan por solucionalo.

Ante o intento de intervir do Sr. Felipe Andreu, o Sr. alcalde expón que ten sido permisivo, e pídlle orde ao señor concelleiro e tamén á concelleira do BNG, e que sexan educados.

Don Felipe Andreu Barallobre pídlle á Sra. concelleira que non o chame mentireiro e que lle diga en que mentiu.

O Sr. alcalde volve solicitar orde e sinala que xa finalizou o debate da moción e que van pasar á votación.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM.

A Corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, solicita permiso ao Sr. alcalde e agradece publicamente o respaldo de todas as forzas políticas á moción, e insta a el, en primeira persoa, a poñer en práctica o acordo, porque sabe mellor que ninguén de primeira man, como está funcionando a Casa das Palmeiras. Di que apela á súa responsabilidade como alcalde.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os seis concelleiros presentes do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM, e abstense o concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por dezaoito votos a prol, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, explica que no escrito presentado xustificaban a urxencia da moción, nese sentido, antes de darlle lectura, queren pedir desculpas ao resto de compañeiros da Corporación por tela presentado na mañá de hoxe, pero precisamente querían xustificar a urxencia polos recentes acontecementos que seguidamente vai ler.

A) Moción do grupo municipal de EU sobre a situación de presuntos impagos aos grupos locais de Cambre no festival Brincadeira 2012

Rexistrada de entrada ao núm. 9911 o día 18 de xullo de 2013. Consta do seguinte teor literal:

“O festival Brincadeira Rock in Cambre 2012 foi un proxecto ambicioso do goberno municipal de Cambre que estivo, dende o primeiro momento, caracterizado por ter máis sombras que luces, nun proceso de contratación e xestión totalmente esquivo e opaco do que os grupos da oposición nunca chegamos a ter toda a información aínda que foi solicitada encarecida e reiteradamente ao goberno e, concretamente, ao concelleiro responsable.

Proba desta desinformación foi a solicitude de comparecencia que EU solicitou no pasado mes de outubro e na que, cunha manobra de distracción do alcalde propia dun réxime oposto á democracia, se nos impediu establecer un debate co concelleiro responsable da área de Seguridade Cidadá, Mobilidade, Cultura e Turismo, co único obxecto de coartar a nosa liberdade de expresión e pasar por riba dun asunto que o alcalde en particular e o equipo de goberno en xeral está moi interesado en que se esqueza.

Nos últimos días ao grupo municipal de EU fóronnos chegando diversos rumores que finalmente se viron materializados nas informacións publicadas en prensa e en diferentes redes sociais o día de onte, e que veñen a afirmar que o Concello de Cambre se comprometeu a aboar un determinado caché ás bandas locais que

actuaron no festival e que, un ano despois, seguen sen percibir e se atopan coa negativa de facelo por parte do goberno.

Sabemos da existencia de diferentes reunións durante todo este ano con membros dalgúns dos grupos e incluso da diferenza de opinións existentes entre as bandas, habendo quen afirma que non se lle ofreceu remuneración económica e outros que afirman que si lles foi ofrecida.

No convenio de colaboración que asinou o Concello de Cambre coas entidades organizadoras do Brincadeira 2012 non se recolle un sistema de pagos aos grupos locais, pero tampouco aos outros grupos, unicamente se indica que *as partes asinantes garantirán a presenza de grupos musicais de Cambre durante todos os días do festival e neste senso comprométense a manter as reunións cos grupos musicais que organice o concello co fin de garantir a súa participación (punto 7 cláusula segunda)*. Con base nesta cláusula entendemos que as ditas reunións foron celebradas e organizadas polo concello, de modo que presumiblemente sería nestas reunións nas que se estableceu, ou non, a remuneración que se lles daría ás bandas participantes.

Este tipo de situación, ademais de afectar os participantes no festival, aféctanos a toda a veciñanza así como aos membros desta Corporación, xa que á moi danada imaxe que deixou o Brincadeira, ás perdas económicas que xerou para as arcas do concello, e á pésima xestión que se fixo do evento, agora súmase unha presunta irregularidade nos pagos aos grupos musicais, que dana aínda máis a imaxe do Concello de Cambre, polo que o goberno que é o responsable desta situación tamén o é de solucionala, algo que debería de ter feito moito antes de que adquirira estas titánicas dimensións.

Con independencia de que o compromiso de pago o adquirira o concello, a organización do Brincadeira, ou non se adquirira, é responsabilidade do goberno municipal esclarecer este tema cos grupos, cos veciños e cos membros desta Corporación.

Con base no anteriormente exposto, o grupo municipal de EU, propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Convocar unha reunión cos grupos locais que participaron no festival Brincadeira Rock in Cambre á que asistirán:

- 1 Un membro de cada grupo musical que participou no Brincadeira Rock in Cambre
- 2 O concelleiro responsable da área de Seguridade Cidadá, Mobilidade, Cultura e Turismo
- 3 O alcalde
- 4 Os técnicos do departamento de Cultura que participaran nas reunións mantidas cos grupos musicais ou calquera outro funcionario presente en calquera desas reunións
- 5 Os grupos municipais da Corporación

A data e hora da reunión intentará ser consensuada previamente cos membros dos grupos musicais participantes e será formalizada por escrito con notificación de recibimento ás persoas participantes. Os membros dos grupos municipais recibirán copia da dita convocatoria escrita así como o resto de eventuais participantes na reunión.

O obxecto da dita reunión será esclarecer os acordos verbais ou escritos celebrados cos grupos musicais de Cambre que participaron no festival e dar cumprimento ás obrigas, se as houbera, asumidas polo goberno municipal.

Segundo: Cos acordos tomados na reunión do punto anterior, publicarase un comunicado explicando o sucedido á cidadanía. A redacción do dito comunicado será consensuado cos membros asistentes á dita reunión, que darán o visto e prace ao escrito, que será enviado aos medios de comunicación de máxima difusión e será publicado en lugar visible e prioritario da páxina web do concello.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que vai pasar por riba iso que din de réxime oposto á democracia porque hai cousas que é mellor nin sequera valorar, que se descualifican por si mesmas, pero si vai tratar en global o que dende o goberno lles parece esta moción.

Di que esta moción parécelles irresponsable, inoportuna e profundamente desleal coa institución do Concello de Cambre, e quere explicarllo. Parécelles inoportuna e desleal porque el cre que tería sido un bo xesto que, antes de darlle absolutamente ningunha credibilidade a ninguén, tiveran feito, xa non di unha chamada a un concelleiro, senón unha chamada ao Sr. alcalde para que lles explicara o asunto.

Parécelle inoportuna, moi inoportuna, porque estanlle dando credibilidade a alguén que lles di que ten presentado unha factura, danlle credibilidade a unhas persoas que din que teñen a dez grupos detrás, e eses grupos despois téñense que poñer en contacto co concello para dicir que eles non apoiaron a ninguén, que eles non se senten acredores de ninguén.

O Concello de Cambre non lle debe nin un so peso a ninguén, e parécelle irresponsable precisamente porque o que fan é deixarlle entrever a toda a sociedade que o Concello de Cambre pode non pagar o que debe, e iso é o profundamente grave, porque iso xa non é unha agresión ao goberno, é unha agresión ao concello. Están pregonando ou dándolle credibilidade á posibilidade de que o Concello de Cambre non estea pagando o que debe.

Di que o goberno terá unha posición ou terá outra, pero o goberno todas as débedas que considera que debe, págaas, todas, non deixa nin unha por pagar.

Tamén lle vai negar a maior, porque a Sra. concelleira quere que lle dea explicacións. Di que o ano pasado o Concello de Cambre tivo máis de 400000 euros de superávit, pregúntalle se ela pensa que o Concello de Cambre ten algún problema por pagar unha factura de 1800 euros ou que esa factura non se ten pagado por capricho. Dille que o Concello de Cambre non ten absolutamente ningún problema por pagar unha factura de 1800 euros se llela debera a alguén, pero o caso é que non lla debe a

ninguén, e por iso non se paga. Coa chantaxe non se chega a ningún lado, e houbo xente que pensou que grazas á chantaxe, grazas case á extorsión, podería lograr cobrar 1800, 80 ou 18000.

Di que a el o que lle preocupa e o que lle resulta especialmente grave é que os concelleiros de EU sexan tan irresponsables como para darlle credibilidade a iso sen antes nin sequera telo comentado co goberno, terlle preguntado ou pedido explicacións ao goberno.

Por outra parte, as explicacións que tiñan que dar xa llelas deron a todos os grupos musicais, e asegúralles que todos os grupos o tiñan claro. Outra das probas é que, despois dun ano, dos dez grupos que tocaron só un presentou unha factura no concello, os outros nove non presentaron nin reclamaron nada absolutamente no concello.

Di que o que conseguiron os concelleiros de EU con esta moción é que deses dez grupos, un que nin sequera participou no festival, agora tamén queira cobrar, xustamente o que non participou no festival é o que agora quere cobrar, porque os Sres. concelleiros lles deron a expectativa, ou lles pretenden dar a expectativa de que poden cobrar algo que non se lles debe.

Segue a dicir que eles non van convocar ningunha reunión, garantízallelo, eles poden aprobar a moción se queren, pero o goberno non vai convocar ningunha reunión, nin ninguén do goberno vai participar nunha reunión para explicar algo que está suficientemente claro. O Concello de Cambre non lle debe nada a ninguén, e non lle van dar a máis mínima oportunidade a ninguén de que pense que co apoio de EU, ou a través da extorsión ou a través da chantaxe, vai poder obter algo do Concello de Cambre, dos veciños de Cambre.

Conclúe dicindo que el o que pensa, tamén contestando ao voceiro do grupo de EU, é que eles, EU, queren poñerse unha medalla a costa dos veciños de Cambre, queren poñerse unha medalla cunha serie de grupos, pero unha medalla que van pagar os veciños de Cambre. El, sentíndoo moito, dilles a verdade, e a verdade é que o Concello de Cambre non lle debe nada a ninguén, e se alguén pensa que o Concello de Cambre lle debe algo, en vez de chantaxear, en vez de extorsionar, e en vez de montar espectáculos públicos, o que ten que facer é irse aos xulgados, que para iso están. O Concello de Cambre non lle debe nada a ninguén, e non ten que dar absolutamente ningunha explicación máis.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que que pouca vergonza. En primeiro lugar, di que poderían pagar esas facturas aforrándose o soldo do concelleiro de Cultura, porque non sabe por que non lle contesta el e lle ten que contestar o Sr. Andreu. Teñen un concelleiro responsable, que foi quen mantivo as reunións e é quen debería contestar a esta moción, pero mandan ao voceiro a que se pelexe con ela. Non é el quen lle tería que contestar a isto, e iso xa quere dicir moito, tería que contestar o Sr. Ríos.

En segundo lugar, dixo que non vai entrar no tema do réxime oposto á democracia, ela dille que eles cando escriben algo son totalmente conscientes do que escriben, e o

pleno monográfico sobre o Brincadeira que tivo lugar aquí foi absolutamente coartado polo Sr. alcalde coa estratexia de que non se podía demorar no tempo, co fin de evitar que entrasen en debate co Sr. Ríos, porque sabían perfectamente que o Brincadeira foi un despropósito dende o primeiro minuto ata o último. Dilles máis, o martes, despois das comisións informativas, foi falar co Sr. alcalde pedíndolle, por favor, que a chamara por teléfono, que concretara con ela un horario para este venres, porque ela por razóns de traballo só podía librar ese día, co fin de ver o expediente do Brincadeira. Unha vez máis negáronlles información, non lle devolveron a chamada, mandoulle unha mensaxe e non tivo resposta do alcalde, iso é o que fan eles, así que lle pide que non lles diga que son desleais, non son desleais, é o equipo de goberno o que lles ten acostumados a iso, e o que lle está intentando facer ver á cidadanía que os concelleiros da oposición son desleais, e nin moitísimo menos. Dende o primeiro minuto o goberno municipal non foi transparente, e o Brincadeira foi un exemplo de barbaridades, unha tras outra, que culmina nesta.

Continúa dicindo que é máis, que dixo o Sr. voceiro que lle están dando credibilidade a unha persoa, pero se el se comunicara e falara co concelleiro responsable, que foi quen tivo as reunións cos grupos, sabería perfectamente que non é unha persoa á que lle están dando credibilidade, que a día de hoxe hai cinco grupos. Pídelle que non lle diga que non, porque ela dille que si, e sábeo porque eles si falan coa xente, e non mandan a ningún a que os defenda. Ela persoalmente sabe do que está falando.

En todo caso, dixo que lle dan credibilidade a unha persoa, e ela pregúntalle que se o fixeran así que pasaría. Ela dálle credibilidade a calquera persoa deste concello no tema Brincadeira antes que ao goberno, porque levan mentindo día tras día, dende a aprobación dos orzamentos, con este tema, e así llelo di, mentindo día tras día.

Respecto de que o Concello de Cambre non paga, á vista está. Pregúntalle por que se non, de súpeto, por unha cantidade irrisoria, porque o é, de 1800 euros, outros incluso por menos, por 600 euros levan un ano pelexando. Ela non gaña unha morea porque é menos que mileurista, pero nin así estaría un ano detrás dun concelleiro, facendo reunións, por 600 euros, menos cando son a repartir entre 5 ou 6 persoas, e o Sr. Andreu seguramente que tampouco, por iso, cando o río soa, auga leva.

Respecto do superávit, será na conta xeral, porque o Brincadeira foi un auténtico desastre no que se perdeu diñeiro a esgalla. Asinaron un convenio que se o ensinan a calquera é para escachar coa risa, porque o goberno asinou un convenio con dúas entidades no que se compromete a facer unha serie de pagos, pero en ningún sitio figura canto vai ingresar, canto vai recuperar, cantas entradas se van poñer á venda, e de súpeto aquí se ingresa o que boamente se ten ingresado, pero sen que quede constancia en ningún momento no convenio canto se vai ingresar. Por iso lle pide que non lle diga que teñen superávit, será un superávit en termos xerais, porque co que recortan en todas as partidas evidentemente teñen que ter superávit, ademais xa falan diso, cando por riba non poden investir no que queren, senón que eses cartos teñen que estar aí gardados por se acaso queren pagar a débeda dos bancos, en todo caso, o Brincadeira foi un auténtico desastre.

En canto á rendibilidade política da que falan antes, cando dixeron que non se movían por ela, si que se moven por rendibilidade política. Hai declaracións do Sr.

Andreu dicindo que o Brincadeira ía ser un espectáculo a nivel internacional, e si que foi un espectáculo a nivel internacional, e está a selo agora e vai seguir séndoo, un espectáculo lamentable o resultado do Brincadeira.

Respecto de que non van convocar unha reunión, di que ela non sabe ata que punto poden non facelo, xa que aínda están debatendo a moción, ou mellor dito, si o sabe, porque aquí se teñen tomado moitos acordos que o goberno salta por alto. Non sabe ata que punto se se toma un acordo nun pleno eles poden dicir que pasan por alto ese acordo, pero diso xa falarán. Simplemente indicar, e xa se adianta, que no caso de que se aprobe a moción, se non a respectan, sería outro caso máis desa falta de democracia que lle ofende tanto que lle mencione.

Respecto da súa reacción pídelles que se fixe en que sinxela é a moción. Non están acusando absolutamente de nada, no texto da moción falan de se o goberno adquiriu o compromiso ou non, están deixando a dúbida de se o goberno adquiriu ou non o compromiso, o que están pedindo é un exercicio de transparencia, están dicindo que se teñen que reunir todos, goberno, alcalde, concelleiro, non mencionan ao Sr. Andreu, pero se quere o inclúen, e o resto dos grupos, cos mozos e mozas que participaron, e nesa reunión que se estableza e se esclareza o que se falou e o que se acordou, porque esa xente en edicións anteriores si cobraba, non había un contrato pero si cobraba, e despois de cobrar durante non sabe cantos anos, agora de súpeto non cobran. Puido crearse un malentendido, e se é un malentendido ou se é unha manobra disuasoria, ou se ten mala intención, ou se a ten boa, o momento e a forma de solucionalo é facendo unha reunión, o que pasa é que, polo que ve, téñenlle bastante medo a esa reunión, ese é o problema, porque senón o Sr. Andreu, no seu talante normalmente de cando traen mocións e lles di que lles vai votar a prol, tamén agora lles diría, pois si, celebremos unha reunión. Se non se tiñan comprometido con ninguén a pagar absolutamente nada, celebrarían a reunión e calaríalles a boca a todos.

Conclúe dicindo que aquí se falon outras cousas, o que pasa é que non as falou o Sr. Andreu, falounas o compañeiro que ten detrás del, ao que anima a que por favor conteste a esta moción, non é que desacredite ao Sr. Andreu, pero non foi el quen tivo as reunións.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que parece que a Sra. concelleira estivera na escola e que quixera levar ao alcalde ás reunións que sexa, como se fora un neno pequeno. El dille que non, el non vai ir, e vaille explicar o porqué, pero antes, en primeiro lugar, pídelles desculpas porque deixou a súa secretaria encargada de que a chamara por teléfono, xa que el tiña a axenda completa dende as 09:00 da mañá, pero para que ela puidera pasar pola Alcaldía a ver todo o expediente que está alí á súa disposición e a disposición de calquera.

Pero vaille dicir algo polo cal non lle vai permitir facer iso, porque igual que eles din que os papeis son os que mandan, el, no caso desta moción, tenlle que dicir que ela ben podería telo chamado por teléfono, ou preguntarlle se existe algún compromiso ou algún contrato cos grupos que tocaron no Brincadeira o ano pasado, podería terllo preguntado, igual que lle preguntou se o venres lle podía ensinar o expediente, pero

non o fixo, o que fixo foi traer unha moción ao pleno dubidando completamente da actitude do representante dos veciños de Cambre.

Reitéralle que ela podería terlle preguntado. El simplemente lle di que se eses grupos teñen ese compromiso e teñen ese documento, que vaian ao xulgado, que é onde teñen que ir. El non está disposto a que calquera grupo ou calquera persoa poida presentar unha factura no concello e dicir que o concello non lle paga. A Sra. concelleira podería terlle preguntado o martes, igual que lle preguntou sobre o Brincadeira, e el sénteo moito, pero pídelle que a esa reunión non o cite, porque el non vai ir.

Continúa dicindo que puxeron en dúbida a súa palabra, dixeron que el non fixo ningunha xestión, que non lle prestou nin atención, e el pídelle desculpas de novo en nome da súa secretaria que está aquí sentada e que sabe perfectamente que el esta mañá lle dixo que chamara á Sra. concelleira de Esquerda Unida e que lle dixera que mañá, á hora que quixera, que fora por alí a ver o expediente. Tena aí sentada, pero ao mellor é que agora el tamén mente.

Dona M^a Olga Santos López solicita intervir e o Sr. alcalde dille que o que dixo só foi unha aclaración, ao cal a Sra. concelleira responde que un por un, que se antes lle falou o Sr. Andreu e ela contestou, se agora lle fala o alcalde, tamén poderá contestarlle, que o seu tamén é unha aclaración.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que volve dicir o mesmo, a ela a actitude do Sr. alcalde, en concreto, tamén lle está sorprendendo, porque o que están pedindo é unha reunión. Pregunta que medo lle teñen a esa reunión.

Aquí tense falado noutras ocasións, por exemplo cando a polémica da Comisión Especial de Contas, cando se dixo que aquí se viñan facendo as reunións a determinado horario, que iso era costume. Pois di que igual que hai ese costume, hai dereito consuetudinario, hai normas que non necesariamente teñen que estar escritas, e tamén hai o costume, en edicións anteriores, de aboar unha determinada cantidade, non sabe se simbólica, aos grupos locais que tocan no Rock in Cambre, suficiente costume como para que o grupo de EU lle dea a necesaria credibilidade como para pedir unha reunión. Pídelle que se fixe no perigo que ten isto.

Continúa dicindo que cando o equipo de goberno non quere asistir a reunións, seguramente sexa porque se van atopar con verdades que lle doen, ese é o problema.

En canto ás desculpas do Sr. alcalde, dille que é sempre unha e outra vez o mesmo neste pleno, non hai un acta na que non pida desculpas por algo, levan dous anos así, e ela non o chama porque non lles fai nin caso, non só a EU, senón que podería dicir o mesmo de forma extensiva do resto da Corporación. Non lles fai nin caso, teñen actas e actas pedindo expedientes, documentación, e aquí non se lles fixo nin caso co Brincadeira, por iso non o chama, porque ela ten o tempo moi ocupado e non vai perdelo falando con el para que non lle faga nin caso, como pasou o martes.

Conclúe dicindo que acepta as súas desculpas, pero non as cre.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el é o voceiro do grupo municipal do PP. O Sr. Taibo é o voceiro do grupo municipal de EU, entre eles organizan as súas intervencións como lles parece, e no PP tamén organizan as súas intervencións como lles parece. El cre que a explicación é suficiente. Se o seu grupo municipal decidiu que el interviñera neste asunto, será porque ten coñecemento para facelo, e pídelle que non se preocupe, que lle pode preguntar case calquera cousa sobre este asunto que a coñecerá, e poderalle dar cumprida resposta.

Dille que se ela o que quere é facer un debate sobre o Brincadeira, poden facelo, xa tiveron un pleno monográfico sobre o tema, varias mocións, rogos e preguntas, déronse explicacións en xuntas de voceiros, e varios dos concelleiros consultaron o expediente. El cre que xa se intentou dar toda a información, ao mellor para a Sra. concelleira non é suficiente, pero o texto da moción non fala sobre o Brincadeira, fala sobre unha factura e unhas presuntas irregularidades.

EU presupón que hai irregularidades no pago dunhas facturas, e non é así, o que hai é irregularidades na presentación dunhas facturas, porque non pode vir ao concello calquera veciño, calquera cidadán, a presentar unha factura e despois manifestarse neses termos de “ou me pagas a factura ou móntoche un rebumbio na prensa”, porque eses son os termos. O goberno non convoca a reunión, non porque non queiran dar explicacións, el dálle neste momento todas as explicacións que ela lle pida, pero non convocan a reunión porque ninguén vai saír deste pleno, deste momento, coa máis mínima expectativa de poder cobrar esa factura, ninguén, está zanzado. O Concello de Cambre mentres estea este goberno non vai pagar esa factura, agás que veña un xuíz e o diga.

Di que é sinxelo de entender e cre que así as explicacións están dadas. Se ela lle quere preguntar os motivos, pode facelo, el dirallos. Os motivos son moi sinxelos, fíxose unha reunión con todos os grupos e nesa reunión cando un grupo preguntou que NIF tiña que presentar para facer a factura, nese momento contestóuselles que como ían ser dez grupos, que non ía ser posible pagar. Estaban todos os grupos diante.

A Sra. concelleira di que ten a cinco grupos do seu lado, pois eles teñen a catro do seu, que o dixeron nas redes sociais, incluso sae na prensa algún grupo que corroborou o que o goberno dixo. Se a Sra. concelleira lle dá unha expectativa a alguén de que vai cobrar, evidentemente vaise apuntar ata o que non tocou no Brincadeira, que é o que está pasando, que se apunta ata o que non actuou, que agora quere cobrar. Di que por iso el lles chamou irresponsables, porque non lle poden dar esas expectativas a ninguén, por moito que queiran enfrontar a xente co goberno de Cambre, por moito que queiran facelo. Di que o problema non é o goberno de Cambre, o problema non é o alcalde nin o concelleiro, o problema é a institución, porque EU estalle a dicir á xente que pode vir ao concello, presentar unha factura, aínda que non teñan dereito a cobrala, e que eles os van apoiar. Iso é o que lle están dicindo á xente.

Conclúe dicindo que el cre que é sinxelo de entender, o Concello de Cambre non lle debe absolutamente nada a ninguén, e o que debe o paga, a todos.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López responde que se o concello non tivera ningún tipo de obriga, faría igual que ela se non tendo ningún tipo de obriga cun veciño, este venlle pedir diñeiro, ela péchalle a porta e non lle fai nin caso. No goberno saben que teñen a catro grupos do seu lado porque se dedicaron a estar chamando, e iso o saben eles positivamente, preguntando aos grupos de lado de quen estaban.

Ela dille que EU non está de ningún lado, está de lado dos veciños, e o Sr. Ríos estase rindo porque sabe que ela di a verdade. Eles están do lado dos veciños, e se un veciño di que este goberno se comprometeu a algo, se comprometera un non, teñen que dar a cara e demostralo. Se o teñen que facer e se teñen que denunciar por unha cantidade irrisoria, terase que facer, pero o mínimo e como exercicio de decencia, porque non é outra cousa, deberían de sentarse a falar con esta xente e ver cal é o malentendido, e repite que está agardando a contestación do Sr. Ríos.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que en principio o seu grupo entende, e así se expón na moción, que o motivo dela é a solicitude dunha reunión precisamente para esclarecer o que ocorreu coa participación destes grupos, e coñecer cal é a realidade dos acordos verbais ou escritos que puideran existir. Nese sentido o seu grupo apoia esta pretensión, cren que é un tema a aclarar, parece que cinco grupos din que teñen que cobrar, outros catro din que non é ese o acordo, é algo que haberá que aclarar.

Pero di que vai máis aló. En todo caso, se non hai documentos nos que se teña recollido que a actuación dos grupos ía ser a título gratuíto, entende que a dúbida debe favorecerlos, porque a quen traballa debe retribuírselle o seu traballo, e iso por un dobre motivo, xa non só polo traballo, senón porque o festival Brincadeira do ano pasado foi un festival con ánimo de lucro, ou sexa, os asistentes pagaban por estar aí, houbo uns ingresos e, polo tanto, é diferente que noutras edicións do Rock in Cambre cando os grupos actuaban, polo que ten entendido cobrando, e por riba o financiamento era absolutamente público e non había ingresos de ningún tipo.

Di que entenden que é un tema que hai que aclarar, cada un está no seu dereito de reclamar o que entende que lle corresponde e non se trata de descualificar a ninguén, senón de aclarar e chegar ao fondo desta cuestión, e se en realidade teñen dereito a percibir esas cantidades, con independencia de que se manifeste que o Concello de Cambre paga puntualmente as súas débedas, cousa que el non pon en dúbida, evidentemente haberá que retribuír o traballo efectuado.

Continúa dicindo que se non se ten documentado esa actuación a título gratuíto, a responsabilidade será de quen non o fixo, porque a dúbida neste caso debe ser a prol de que o traballo se retribúe, e iso é o que se está pedindo. Evidentemente, se algún grupo non actuou e se quere apuntar a isto, haberá razóns para non aboarlle a factura, pero respecto dos que actuaron, a súa opinión é que o seu traballo ten que ser retribuído, e neses termos van apoiar a moción.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que el cre que está suficientemente claro, cre que ten sido claro na posición do goberno, non hai un ápice de dúbida. Eles están moi convencidos de que non deben nada, e o que reclama que

se lle debe algo terá que probar que se lle debe, non vale dicir que como non hai ningunha proba, entón imos a pagarlles, as cousas non funcionan así. Quen crea que se lle debe algo terá que presentar os documentos que o avalan, e non vale unha factura. Cada un pode presentar unha factura, o Sr. concelleiro se quere pode vir e presentar unha factura e pedirilles que a paguen, outra cousa é que el queira pagarlla ou non, pois parece que é estilo doutros.

Di que a ver se se dan conta de que o que non poden facer é darlle a expectativa a ninguén de que é posible que poidan cobrar. Iso o goberno de Cambre non llelo vai dar, porque os concelleiros non saben a cantidade de reunións que tiveron con esa xente, non o saben. Pide que non lle digan que hai cinco grupos que queren cobrar, porque aquí a factura só a ten presentado un grupo, non a teñen presentado cinco, só un, hai outros catro que se sumaron ao carro e que dixeron ao mellor podemos cobrar, imos.

Toma a palabra o Sr. alcalde e manifesta que el só quere facer unha aclaración, porque o Sr. Rey dixo que pola actuación dos grupos de rock no Brincadeira se cobrou entrada con ánimo de lucro, e non é verdade, o día do Rock in Cambre foi totalmente gratuito, non houbo cobro de entrada de ningún tipo.

Di que cando se fixeron as maquetas de todos os grupos para elixir os que ían actuar no día do Rock in Cambre, díxoselles claramente que o premio precisamente era actuar no festival.

Están poñendo en dúbida que o alcalde mente e que todo o grupo de goberno mente. Se poñen iso en dúbida entón estarán en reunións incluso cos que fan calquera tipo de contrato co concello, e terán que montar reunión tras reunión. El simplemente di que, se teñen documentación diso, non fai falta reunión, preséntase un no xulgado e punto. Dende logo o concello ten claro que non vai pagar unha factura que non existe, ou mellor dito, existe a factura como tal, pero non existe o compromiso.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que o concello terá que pagar, aínda que non haxa compromiso, se se presenta a factura e sempre que houbera o servizo. Pregunta se os grupos actuaron ou non actuaron, se actuaron o principio di que hai que aboar esa actuación, agás que haxa algunha manifestación por escrito, ou recoñecida verbalmente, pola que se actuaba de forma gratuíta, sen máis.

Di que se se organizou mal, se non se documentou suficientemente ou non se documentou esa gratuidade das actuacións, será responsabilidade de quen non o fixo, pero o servizo está realizado, polo tanto entenden que ten que ser retribuído.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pregunta, aproveitando que están falando do Brincadeira, se lle poden responder a unha pregunta moi sinxela, que seguro que o saben, pregunta se se aboou o último pago que tiña que facer a empresa no mes de maio.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que esa é unha pregunta que quedou sobre a mesa do pleno pasado, é unha pregunta de EU e vaina contestar na quenda de rogos e preguntas.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que está ben, e continúa dicindo que el entende por que a xente cre menos nos políticos e na palabra dos políticos, porque está claro que non a hai, e a xente ten que aprender que con algúns políticos teñen que ir cos papeis por diante.

Dende logo, cando falan da deslealdade coa institución Concello de Cambre, como lle dixeran á compañeira de EU, cando falan de que deixan entrever aos cidadáns que o concello non obra ben, con eses comentarios queda demostrado que non teñen claro que por unha parte está a institución e por outra o goberno, e que eles son o goberno, non son o Concello de Cambre, son unha parte do Concello de Cambre.

Di que esta moción, que el saiba, só pide unha reunión, así de sinxelo, aberta e transparente. Dende logo cando non se está de acordo en ter este tipo de reunión, polo menos sospeitas si que van quedar no aire.

En canto ao feito de que non menten, quere lembrar que aquí no pleno, falando do tema do Brincadeira, o goberno dixera que se perderan 70000 euros, a realidade é que se perderon máis de 100000 euros, simplemente son cifras e eles o saben.

Tamén faláron de se calquera persoa pode presentar unha factura e cobrar, os papeis, o contrato, a palabra, papel mollado, el o que lles di é que o goberno ten un contrato asinado con dúas empresas sen ningún tipo de fiscalización, e pídelle aos grupos de Cambre que veñan tocar gratis, aos veciños de Cambre que deixen os seus terreos para que poidan aparcar gratis, pídelle á multitude de veciños que veñan como voluntarios gratis e, en tanto, o único polo que miraron foi polos intereses de dúas empresas cun contrato que dentro de pouco se verá que tipo de contrato é, porque baixo o punto de vista de UxC non é legal, como así tamén o dixo a interventora no seu informe.

Segue dicindo que non lles poden crer absolutamente nada. Está ben que digan que non queren ir a esa reunión, porque está claro o porqué non queren facelo. El sinceramente aos compañeiros de EU o que lles suxeriría é poñer “o alcalde ou persoa en quen delegue”, porque xa saben que o Sr. alcalde ten a axenda moi ocupada e por iso non pode ir.

Conclúe dicindo que, dende logo, UxC vai aprobar esta moción e felicita a EU por tela presentado.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre reitera que cre que ten sido moi claro e moi transparente, e non se pode dicir nun foro máis público que o pleno, aquí é onde se dan as explicacións. No Parlamento, no Pleno é onde se dan as explicacións. Di que lles pediron explicacións, e eles déronlles aquí, no órgano máis democrático e máis público que ten un concello, que é o Pleno da Corporación, e consta en acta.

Di que el en acta, de forma pública e transparente, aberta, dilles que o Concello de Cambre non debe nada, e como non debe nada non ten que reunirse con ninguén para explicarlle que non lle debe nada, porque están a dicilo de forma pública, aberta, notoria e consta en acta. Pide que non lle digan que sexa transparente, porque está a dicilo en público e máis en público non o pode dicir. Nunha reunión pechada, onde non hai acta, non hai xornalistas, non hai veciños, están os grupos da oposición, pero aquí....

O Sr. alcalde solicita ao Sr. concelleiro que vaia terminando.

Don Felipe Andreu Barallobre responde que está ben, e dilles aos concelleiros da oposición que se queren falar do Brincadeira poden facelo cando queiran, pero sobre esta factura non se pode ser máis público, máis transparente nin máis claro, o Concello de Cambre non debe nada, absolutamente ningunha cantidade, e non ten que darlle máis explicacións a ninguén, o que queira reclamar que o faga nun xulgado, e se eles queren explicacións, que llelas pidan a el, que el darállelas.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta unha primeira cuestión ao respecto da natureza en si da moción. Dixo o voceiro do PP que era irresponsable, inoportuna e desleal, e eles, antes de entrar a valorala, cren que precisamente non é irresponsable, a moción que presentan os compañeiros de EU é responsable, porque efectivamente hai un problema, e un problema difícil, un problema con arestas. Pide que non neguen a realidade, que unha cousa é que unha parte teña razón e outra non, iso poderán debatelo, pero en si existe un problema, se non, non estarían aquí. Eles cren que iso é bastante claro.

En canto a que é inoportuna, o BNG cre que é de todo punto oportuna á vista do que está pasando, e do que están pasando na prensa. En canto a que é desleal, eles cren que xustamente desleal non é, realmente é leal cos veciños de Cambre, eles así o entenden e por iso están en completo desacordo co que está dicindo o goberno municipal respecto do que poidan ser os intereses dos veciños de Cambre, porque sendo certo, por suposto que o é, que non o dubida ninguén, e el cre que están acadando nestes debates, e neste debate en concreto, unhas cotas de cinismo e de demagogia estratosféricas, claro que non é de recibo que ninguén veña cunha factura de 1800 euros ao Concello de Cambre, a meta no rexistro e se lle aboe, claro que non, el está convencido de que se o fai calquera persoa que está no público, non lle vai ser retribuída, pero están falando dunhas persoas, dun grupo, que tocou nun concerto, é dicir, que algún tipo de relación hai.

A partir de aí, el cre que o que propón esta moción é que se debata, que se coñeza, que dalgunha maneira se poida chegar a un coñecemento maior e efectivo na súa totalidade do que realmente pasou, porque están falando dun tema que efectivamente é complexo, isto non é unha solicitude de transporte adaptado, o un permiso de obra, por dicir algo, que é algo nas máis das veces moito máis regrado, pautado e cuns procedementos perfectamente claros e definidos, aquí están falando da organización dunha festa, dun evento lúdico, do Brincadeira, que como xa mencionaron aquí representantes doutros grupos carrega a historia que ten detrás, e é posible que se cometera algún erro, un erro de comunicación, un erro de organización, en fin, que houbera algún problema con algún grupo e, efectivamente, o concello leva as de

perder, pero non por ter que pagar eses 1800 euros, senón porque falando de festas e do que é a promoción, o turismo e todo o que debe ser a imaxe pública do Concello de Cambre, con independencia de que teñan ou non razón, a imaxe que se está dando estes días na prensa non é boa, non é en absoluto positiva.

Continúa dicindo que, respectando a crenza dos membros do goberno de que non teñen que pagar esa factura, o que deberan facer, se foran uns gobernantes dilixentes, é esgotar todos os cauces, todas as vías de negociación posibles á hora de falar con esa xente. Hoxe aquí estase abrindo unha, os compañeiros de EU con esta moción reclaman unha reunión, pide que a fagan, pregunta que problema hai por falar, que medo hai, se van a esa reunión, se expoñen os argumentos, se hai un debate e se sacan unhas conclusións, quizais o resultado sexa que determinados grupos da oposición apoiarán tamén a súa postura, pero dende logo, o BNG cre que o goberno estase enrocando, como en todo o que ten que ver co Brincadeira, cunha postura que, efectivamente, é pouco democrática.

Di que de verdade ten graza que o diga el, pero cre que neste debate están acadando uns niveis de crispación que considera que non son os máis produtivos.

Falou o Sr. Andreu de chantaxe e extorsión, quizais entón quen ten que denunciar é o concello ao grupo, e pide que o fagan, pero que non o anuncien na prensa, porque de verdade que dá moi mala imaxe. Dixo o Sr. Andreu que coa chantaxe e extorsión non se leva un 1800 euros do Concello de Cambre, efectivamente, as empresas do Brincadeira téñenlles demostrado que hai outras maneiras moito máis finas de levar 1800 e moito máis.

Di que el lle pediría, como representante que é do goberno ou dun grupo político, que non dixera publicamente que non vai facer caso dun acordo municipal, como acaba de dicir aquí.

O Sr. alcalde intervén para solicitar que vaia rematando a súa intervención.

Don Daniel Carballada Rodríguez contesta que si, pero que para futuras ocasións tamén pedirían a mesma brevidade que se lles esixe a eles, ao resto dos grupos.

O Sr. alcalde responde que o fai, e que simplemente lle di que vaia acabando.

Don Daniel Carballada Rodríguez expón que outra cuestión que dende o BNG lles parece tamén un tanto irresponsable é a alegría coa que falan de acudir á xustiza, coa pólvora do rei é moi fácil disparar, é dicir, meter ao concello na xustiza moi alegremente, e exemplos teñen neste concello, en lexislaturas pasadas, de actitudes ben irresponsables nese sentido.

Tamén lles dixo que os grupos da oposición non saben as cousas e, efectivamente, eles moitas cousas non as saben, e o goberno o que ten que facer é explicarllelas, e se polo que sexa houbo determinadas reunións, que haxa unha máis.

Tamén están as cuestións de forma, dicir “eu non pago”, e el non é que pague ou non pague, é que cobra por estar aí, quen paga ou non paga é o concello. Dixo antes o Sr.

alcalde que a Sra. concelleira de EU pensaba que estabamos na escola, pois el cre que de verdade alguén debería ir á escola. Dixo o Sr. Andreu que el non ía pagar a factura, e claro que non, quen a paga é o concello, el o que fai é cobrar por estar aí, como cobra o seu compañeiro concelleiro de Cultura, que é quen levou as negociacións, e por suposto que eles poden organizarse á hora de responder como consideren, pero por un respecto mínimo á propia figura do concelleiro de Cultura, de verdade que o di, non como concelleiro senón como cidadán, non deixa de ser vergonzoso ver como unha persoa que ten unhas determinadas funcións nun goberno, nin sequera se atreve a dar a cara no pleno municipal.

Falaba o Sr. Andreu de que o resto dos grupos tamén se organizan para responder, e é certo, pero aquí hai unha diferenza, unha diferenza de 29000 euros anuais, que é o que media entre un membro do equipo de goberno, que ten ademais unhas atribucións, e un membro da oposición.

Simplemente remata xa a súa intervención, abusando da confianza e permisividade do Sr. alcalde, dicindo que a postura que o BNG defende para que conste en acta, é que se realice esa reunión, que se aprobe a moción de EU, o seu voto vai ser favorable, e que se contemple a posibilidade de chegar a un acordo negociado, non co grupo demandante que leva a voz cantante, senón co conxunto de grupos, vendo se a través doutra actuación, doutro evento, de calquera cuestión que se poida facer, se pode chegar a un acordo para salvagardar sempre a imaxe pública do Concello de Cambre, que é a que nestes momentos está a ser danada.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que el cre que xa foi bastante debatida a moción, e ante a solicitude tanto da concelleira de EU como do voceiro do PP de facer unha última intervención, o Sr. alcalde reitera que el cre que a moción está suficientemente debatida, xa que todos expresaron as súas posturas. Pregunta que máis queren debater, a falta de diálogo que tiveron os grupos da oposición co alcalde neste caso, porque el si que pode acusalos da falta de diálogo que tiveron coa Alcaldía os grupos da oposición ao non ir a preguntarlle por este asunto. Eles reclaman que o goberno ten falta de diálogo cos grupos da oposición, pero ao revés isto non funciona, parece ser. Dito isto el cre que a moción está suficientemente debatida e hai que votala.

Ante as palabras da concelleira de EU, o Sr. alcalde dille que xa todos lle deron o seu parabén, e pregúntalle, entón, que outra conclusión van dar, estar aquí ata as 00:00 horas, en todo caso, dálle a palabra.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que como o Sr. Andreu lle estaba dicindo que se lle fai unha pregunta lle contesta, quere facerlle a seguinte pregunta, e pide que lle conteste con un si ou con un non. Pregunta se hai algún tipo de papel ou documento no que os grupos renuncien positivamente a cobrar.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que non.

Dona M^a Olga Santos López manifesta que queren que conste en acta de novo que lamentan profundamente a ausencia de pronunciamento do concelleiro responsable da área. Tamén outra puntualización, ao goberno rapidamente se lle enche a boca

dicíndolles que poden denunciar, evidentemente, porque se os grupos denuncian e perden, pagan os grupos, e se denuncian e gañan, entón paga o Concello de Cambre e pagan os veciños.

Conclúe dicindo que por último, simplemente por aclarar, dálle a sensación de que eles ao que lle teñen medo non é á reunión, senón que é ao segundo punto desta moción, a ter que publicar o que se acorde nesa reunión.

O Sr. alcalde manifesta que suficientemente debatida a moción, pasan a votala.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros presentes de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG. Votan en contra os seis concelleiros presentes do PP e don Manuel Marante Gómez, concelleiro do Partido Galeguista Demócrata integrante do GM, e abstense don José Antonio Baamonde López, concelleiro de Progresistas de Cambre integrante do GM.

A Corporación, por once votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira do PP, manifesta que quereda preguntarlle á Sra. secretaria que ocorre se o equipo de goberno se nega a cumprir co acordo ditaminado favorablemente nunha moción polos membros da Corporación, iso tendo en conta o pronunciamento negativo do alcalde e do equipo de goberno dicindo que non van respectar este acordo.

A secretaria contesta que haberá que estudalo, ao que a Sra. concelleira di que o seu grupo pediríalle gustosamente que fixera ese informe.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 984, de data 9 de xullo de 2013, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“1º.- Ratificar o acordo adoptado pola Comisión Negociadora do Convenio Colectivo do persoal laboral na súa reunión de data 28 de xuño de 2013, do seguinte teor *“Comprometerse a seguir o proceso de negociación, garantindo o mantemento do convenio vencido, ata a nova sinatura do convenio que o substitúa.”*

2º.- Dar conta ao Pleno na súa seguinte convocatoria.”

- Do informe da Tesourería municipal, de data 11 de xullo de 2013, sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao primeiro trimestre do ano 2013.

O informe, referido ao último día do trimestre natural, comprende:

- Os pagos realizados no trimestre natural (anexo 1).
- Xuros de demora pagados no trimestre natural (anexo 1).
- As facturas ou outros documentos xustificativos pendentes de pago ao seu final (facturas en fase de obriga recoñecida e pago ordenado) (anexo 2).
- As facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorresen máis de tres meses desde a súa anotación no rexistro de facturas e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (anexo 2).

Antes de dar paso ao seguinte apartado da orde do día, don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, solicita a palabra para informar sobre o acordo, do cal se acaba de dar conta, relativo á prórroga do convenio do persoal laboral. Di que xa na xunta de voceiros lles informou de que o convenio xa tiña sido negociado e asinado polas partes, e acábbase de enviar á autoridade laboral para a súa ratificación.

4.2. Rogos

Antes de dar paso á lectura dos rogos presentados para este pleno, o Sr. alcalde sinala que estaban pendentes de contestar algúns rogos e preguntas do pleno do día 27 de xuño de 2013.

Pregunta ao voceiro do PSdeG-PSOE se quere formular o rogo sobre o “parking express” neste intre, ao que don Augusto Rey Moreno contesta que van a retiralo e volver a formulalo por escrito.

A continuación o Sr. alcalde pregunta aos concelleiros do BNG que queren facer co rogo que o seu grupo ten pendente, ao que don Daniel Carballada Rodríguez contesta que non o teñen aquí neste momento, polo que o Sr. alcalde, ao tratarse dun rogo do pleno pasado, propón contestalo por escrito. Dona M^a Victoria Amor Prieto acepta.

En canto á pregunta pendente de EU, será contestada no apartado de preguntas.

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 9717 o día 13 de xullo de 2013, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Denuncian veciños de Sigrás a inxustificada retirada da iluminación ornamental instalada ao redor da igrexa de Santiago e da casa reitoral anexa. O concelleiro de Obras e Servizos, Sr. Marante, en Xunta de Goberno Local do día 13 de maio pasado, manifestaba que consideraba xustificada a medida debido a que “daban moitos problemas, por múltiples avarías”. O certo é que con esta medida elimínase unha instalación que daba máis brillo e beleza a unha das referencias máis destacadas do patrimonio histórico-artístico do noso concello, a igrexa de Santiago de Sigrás, monumento de singular importancia recollido en todas as guías e roteiros do Camiño Inglés a Santiago.

Creemos que a política municipal de austeridade do consumo eléctrico público debe ter excepcións e o presente caso é un deles.

Por todo isto, o grupo municipal dos socialistas de Cambre solicita que, con carácter de urxencia, se leven a cabo os traballos necesarios para repoñer a instalación eléctrica e lumínica retirada do contorno dos anteriormente citados edificios.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que efectivamente se retiraron os focos porque estaban creando problemas continuos, entrou auga nas canalizacións e hai que facer toda unha nova canalización. Di que iso explicoullo el ao cura, chamouno por teléfono cando estaba alí cos traballadores de Instelec.

Di que continuamente avisaban de avarías, ían alí arranxalo, pero pasados dous días estaba outra vez avariado, incluso chegaron a dicir que Instelec non facía caso e que non mentiran porque non tiñan ido. Diante del puxeron un foco no seu sitio, na canalización, prendérono, e aos dous ou tres minutos estalou, e cada foco deses custa aproximadamente 300 euros repoñelo.

Ante iso el díxolle ao cura que ían deixar prendidos todos os focos aéreos e que ían quitar os outros, iso ante un informe que lle pediu á empresa Instelec, que é a que leva o mantemento, para xustificar o tema e mentres non se faga unha nova canalización para poder instalar de novo a iluminación, se é que consideran que o teñen que facer.

En todo caso, reitera que a instalación hai que facela toda nova. Ten encargada unha memoria valorada, cando a teña poden valorar entre todos se lles parece ben ou non a conveniencia de volver a instalar todo o tema. Di que os focos están gardados e que cando se retiraron incluso puxeron o informe de Instelec no taboleiro de anuncios do adro da igrexa, para que os veciños souberan os motivos, porque non están escondendo nada que non estea xustificado.

A continuación, dá lectura ao informe emitido por Instelec, realizando os labores propias do mantemento, no que se di que no contorno da igrexa de Sigrás hai instalados 14 proxectores que encaixan no solo de 150 watts. Debido á ausencia de drenaxe nos nichos nos que están encaixados, cando chove prodúcese estancamento de auga neles, producíndose avarías de maneira continuada. Unha vez reparada a avaría, cambiando o elemento afectado, esta reproducese nos seguintes días de choiva. Dado que non existe posibilidade de mellorar a drenaxe dos nichos sen acometer obra civil en todo o contorno da igrexa, recoméndase a retirada das luminarias para evitar as continuas avarías e interrupcións do servizo, así como a súa deterioración.

Di que iso é o que se fixo, e reitera que ten encargada unha memoria valorada, cando a teña poden falalo entre todos, e se deciden volver facer a remodelación, poden facela. En todo caso, el cre que está xustificado suficientemente o asunto, e ademais a igrexa non está a escuras porque había uns focos instalados en aéreo e o que se fixo foi asegurarse de que funcionaran todos, porque había algúns aos que incluso lles tiñan roubado o cable. Agora puxéronse en funcionamento todos.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que ante este tema eles entenden a situación, e o que non saben é se a instalación orixinal a fixo Instelec ou foi outra empresa.

Don Manuel Marante Gómez contesta que esa obra fíxo a deputación, cunha subvención ou co que fora, fíxose a través da deputación igual que se fixo todo o lousado do adro. Di que hai que refacela, porque échese de auga, por algún sito entrou a auga. Mentres non entrou estivo ben, pero agora está totalmente chea de auga e non queda máis remedio que refacela.

Don José Manuel Lemos Seoane manifesta que se esa obra correspondeu a outra administración, neste caso á deputación, entón por parte do Concello de Cambre haberá que esixirle que actúe, porque haberá unhas responsabilidades, unhas garantías por parte da empresa que a fixo. Entenden que calquera enxeñeiro ou calquera técnico sabe que uns nichos e unhas luces que van ir no chan teñen que ser estancas, terán que ter un illamento suficiente, porque aquí en Galicia chove.

Di que teñen que ser responsables, non admitir as obras de boas a primeiras, aínda que non está dicindo que iso sexa problema deste concelleiro, nin moito menos do concello, pero teñen que facer fronte a outras administracións cando se recepcionan unhas obras que despois vanlle causar problemas aos veciños de Cambre, porque agora este gasto, se o vai afrontar o concello, é para os veciños de Cambre.

Conclúe dicindo que eles o que piden neste rogo é que se repoña o antes posible, facendo o estudo que haxa que facer, porque entenden que é unha parte importante, son dous monumentos que saen en todas as guías, polo tema do Camiño de Santiago, do Camiño Inglés, e entenden que ten unha relevancia. A iluminación que había alí era unha iluminación que dende logo esteticamente salientaba o que eran os propios edificios.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que están de acordo, pero que iso levaba un montón de anos feito. El non cre que a estas alturas haxa ningún tipo de garantía pola deterioración dunha parte subterránea como é a canalización, pódese mirar, pero en principio van facer iso, unha valoración e despois ver o que se pode facer.

2º Denuncian veciños de Sigrás o lamentable estado de abandono no que se atopa o mantemento do espazo onde se sitúa o parque infantil sito no lugar do Souto, xunto á pista polideportiva descuberta. As herbas e silvas téñeno invadido na súa totalidade, con vexetación superior ao medio metro, o que fai imposible o xogo dos nenos. Non resulta comprensible como unha instalación como a descrita non está sometida a un mantemento periódico que permita o seu uso dun xeito normal.

Por todo iso, solicitamos que, coa máxima celeridade, se adopten as medidas precisas para manter en boas condicións de uso o espazo do citado parque infantil e os seus arredores.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que hai aproximadamente entre mes e medio e dous meses que se tiña rozado todo, pero iso crece tremendamente. Di que está sen contratar ese servizo, é algo que fan coa

brigada e xa están avisados para que tan pronto como poidan pasen por alí para rozalo. En calquera caso di que na próxima contratación de zonas verdes xa se inclúe toda esta zona.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que non sabe se o Sr. concelleiro pasou por alí e viu o tema, pero a verdade é unha situación bastante mala, os rapaces non poden xogar alí, porque hai casos nos que as herbas son máis altas que algúns rapaces. Por iso pide que se faga algo con urxencia, porque incluso neste tempo é un espazo moi usado polos nenos da zona.

Don Manuel Marante Gómez contesta que estivo por alí haberá un mes, que estivo vendo outro problema que hai pola auga que sae de alí e se mete nunha horta, que tampouco se sabe de onde vén, sae precisamente na esquina da pista polideportiva, e hai cousa dun mes estaba ben, pero supón que agora xa non o está.

3º O terreo de titularidade municipal, onde se atopa o local social de San Lourenzo, está sobrevoado, nunha das súas lindes, por unha liña eléctrica, de alta ou media tensión, que pasa por riba do parque infantil alí situado. Segundo informacións recollidas por este grupo a citada liña non está instalada á altura regulamentaria, constituíndo un perigo para os nenos que utilizan este espazo de xogos.

Por todo iso, solicitamos se requira de Gas Natural-Unión Fenosa a adopción de medidas para dotar de seguridade á citada liña de transporte eléctrico, instándolles, así mesmo, ao seu soterramento.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que con independencia de que si se vaia solicitar a Fenosa o tema, o que se vai é a cambiar o parque de sitio, porque xa non sabe nin como se puxo alí debaixo. Vaise cambiar o parque para outra parte do terreo.

Dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que lle parece unha boa idea.

Rogos de UxC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 9718 o día 13 de xullo de 2013.

1º Tendo como antecedentes as declaracións realizadas polo alcalde en agosto do 2012 onde afirma que as negociacións sobre a vía Ártabra se retomarán en setembro.

Que xestións se teñen realizado polo concello sobre as previsións do Plan Move?, e en concreto se vai ter en conta a realización dos viais:

- Vía Ártabra, treito da nacional VI ata a AP-9.
- Treito de conexión entre a saída da autoestrada, no Temple e a estrada de Cambre ao Paraugas, no treito do colexio.

O Sr. alcalde contesta que el, polas informacións que ten da Xunta de Galicia, concretamente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, cos

cales está periodicamente en contacto, non só por este tema senón tamén por outros, el a resposta que ten é que en breves datas, esa é unha resposta do luns desta semana, farán público o Plan Move e o Plan de mobilidade que xa recibiron da empresa á cal llo tiñan encargado. Polo tanto, non lle pode dicir absolutamente nada sobre se a Vía Ártabra no treito da nacional VI ata a AP-9 está en contratación ou non, nin se no treito de conexión entre a saída da autoestrada no Temple e a estrada de Cambre ao Paraugas, no treito do colexio, se vai facer algo con ela ou non, porque está dentro dese Plan Move.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, di que o 4 de abril do 2013, o conselleiro Agustín Hernández dixo textualmente, ante a posibilidade de continuar o vial no municipio de Cambre ata conectalo coa AP-9 e a A-6, así como incorporar novas conexións que beneficien aos veciños de Cambre, asegurou que xa estaba practicamente finalizado o estudo de mobilidade da área metropolitana e que nas vindeiras semanas se convocaría a unha reunión cos responsables de todos os municipios da zona para trasladar as conclusións. Di que de aí vén este rogo, pregúntalle se o conselleiro Agustín Hernández, que está en contacto con el, aínda non lle contou nada disto, se o van facer público sen falar primeiro con el.

O Sr. alcalde contesta que el dálle a resposta que a el lle deu a directora xeral o luns desta semana, iso é o que lle pode dicir, que van facer público o estudo de mobilidade e que se reunirán con todos os alcaldes da zona para expoñer o Plan Move. Di que esa é a resposta que ten, a data non lla pode dicir porque non a sabe, pero que a el naturalmente tamén lle preocupa o Plan Move e o estudo de mobilidade.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que el dubida que lle preocupe, porque se fora así tería máis información que a que lles está dando. Loxicamente afecta de forma moi importante a este municipio e, polo tanto, que non teña ningunha información e que se limite a dicirlle o que lle dixo a el a directora, que proximamente lles dirán algo, ..., di que ben, pero que son do seu propio partido, non están falando de que sexan doutro partido, nin de que o Sr. alcalde teña que ir a Madrid, está en contacto permanente con eles, así que algo saberá, e o que lle preguntan é que xestións realizou.

O Sr. alcalde contesta que el xa lle dixo as xestións que realizou, e se o Sr. García Patiño o pon en dúbida, el invítalle a ir con el.

2º En data 25 de marzo do 2013, UxC solicitou por rexistro que nos informasen sobre o cumprimento do contrato para a redacción do Plan Xeral, e en concreto:

- O estado do seu cumprimento dos prazos de redacción e tramitación (apartado V do contrato).
- Estado de cumprimento das condicións da oferta presentada que serviron de base á adxudicación (apartado VII do contrato).

Solicitamos resposta.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira delegada de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que hoxe vailles facer entrega dun informe do xefe da área de Urbanismo respondendo a estes dous puntos.

Respecto do estado do cumprimento dos prazos de redacción e tramitación da redacción do PXOM, o técnico municipal reitérase nun informe que fixo o 29 de maio, do que xa se falou no pleno pasado, onde se di que actualmente a redacción do PXOM se atopa na segunda fase na que se dividía a súa execución. Esta fase consistía na presentación do Plan Xeral completo para informe previo á información inicial, e tiña un prazo máximo de execución de 7 meses, contado a partir do día seguinte ao da notificación ao equipo redactor do documento de referencia. Continúa dicindo o técnico no seu informe que, como xa indicou no informe do 29 de maio, ese prazo máximo concluía o 15 de decembro de 2012, polo que dende a dita data e ata o momento presente levaríase ese tempo de atraso e incumprimento na execución do prazo previsto no contrato no seu día suscrito.

A Sra. concelleira continúa dicindo que, por outro lado, respecto do estado de cumprimento das condicións da oferta presentada que serviron de base á execución, son tres puntos, aos que vai dar lectura e vai ir respondendo a cada un deles:

- Respecto da formulación do traballo co fin de acadar un modelo territorial que teña en conta unha serie de premisas recollidas no dito apartado do contrato, pódese considerar cumprida ao estar recollida no documento de inicio que foi remitido no seu día á Consellería de Medio Ambiente.

- En canto á segunda, as condicións a que se refire o dito apartado, cabe dicir que non se pode falar do seu cumprimento a día de hoxe por canto teñen que ver coa fase de información pública do instrumento de ordenación que aínda se está redactando.

- Por último, respecto da terceira, as condicións á que aludía a presenza do equipo redactor formado por 27 técnicos, dos cales 14 destes se dedicarían ao PXOM de Cambre nun tempo superior ao 60% dispoñible, cabe dicir que non lles consta que tal número de técnicos estean dedicándose á redacción deste instrumento de planeamento, e o técnico municipal dubida de que se estean dedicando, tendo en conta o tempo que transcorreu dende que se asinou o contrato.

Neste punto, a Sra. concelleira fai entrega dunha copia do informe emitido polo xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior ao voceiro de UxC, e manifesta que tamén entregará copia del ao resto de voceiros.

Don Óscar Alfonso García Patiño, de UxC, lembra que ten pedida esta información dende marzo, e contéstaselles en xullo, e iso porque o traen a pleno. Di que como isto teñen máis que van traer día a día aos plenos, porque teñen un montón de documentación que presentaron por Rexistro e que non se dignaron nin a contestar.

Dona Rocío Vila Díaz manifesta que sabe que ten presentados outros escritos, de feito a ela téñenlle chegado hai pouco catro, cre que son do 4 de xullo e, por exemplo, esa documentación xa están con ela e cre que a próxima semana xa se lle poderá entregar, procurarán non atrasarse tanto nesas informacións.

Don Óscar Alfonso García Patiño dálle as grazas, e sinala que non se trata soamente da súa concellería, senón tamén doutros departamentos que non están contestando.

En canto ao tema do Plan Xeral di que está claro que a empresa non cumpre, e iso non é algo que se vaia descubrir agora en xullo, neste pleno, senón que leva sistematicamente sen cumprir co concello. Leva no documento de inicio un atraso de sete meses. Cando UxC falaba de que levaba sete meses de atraso estíbese referindo sempre ao documento de inicio, na redacción dous meses de atraso, e cinco meses de atraso na tramitación.

Engade que é verdade que os dous meses de atraso na redacción é un fallo do equipo redactor, e os cinco meses de atraso é un fallo de xestión do concello. No documento de información previa do que están falando levan oito meses, polo tanto, levan un total de quince meses de atraso co tema do PXOM, sobre os corenta e dous previstos que tiñan para executalo.

Dille ao Sr. alcalde que, como xa dixo antes co tema do Plan Move, e agora con este tema do Plan Xeral, cre que non teñen posto toda a carne no asador, como deberían tela posto dende o principio de lexislatura. Lémbrolle que o seu grupo, o PP, durante moitísimos anos estivo dicíndolle aos grupos de goberno que estiveron antes neste pleno, que non facían nada polo tema do Plan Xeral, ou que non sacaban o Plan Xeral porque tiñan outro tipo de intereses, el iso ao Sr. alcalde non llo vai dicir, o dos intereses, pero sinceramente cre que quince meses de atraso neste Plan Xeral é intolerable.

Dona Rocío Vila Díaz manifesta que ela non conta os meses desa maneira, ela entende que a empresa tiña que ter entregado o documento o 15 de decembro, e conta os meses de atraso a partir dese momento. Déuselle un voto de confianza, e visto que iso non ía adiante, teñen incoado un expediente de imposición de penalidades.

Don Óscar Alfonso García Patiño di que lle pasa o documento onde verá claramente que levan eses meses de atraso.

3º As obras do proxecto da ponte do Burgo, licitado en maio do 2012 por un importe de 233.000 euros, non comezaron a día de hoxe. Cal é a previsión de inicio e finalización?

O Sr. alcalde contesta que o Sr. García Patiño sabe tamén por prensa, porque se está documentado en canto ás declaracións de Agustín Hernández, supón que estas tamén as viu, que a empresa á cal lle adxudicaron o contrato presentou concurso de acredores e, ou ben renunciou ao contrato, ou ben llo rescindiron. Visto este tema o que fixeron foi redactar un novo proxecto onde se inclúe a obra da réplica do Paraugas, que xa foi ditaminada favorablemente por Patrimonio, e agárdase que o saquen a licitación despois do verán.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 9720 o día 13 de xullo de 2013, xunto coas preguntas

presentadas para este pleno.

1º O noso grupo ten denunciado as deficiencias existentes nas instalacións deportivo-culturais de Meixigo e as consecuencias negativas para realizar as actividades nas mellores condicións de seguridade. Transcorridos varios meses non temos coñecemento da adopción de medidas para dar solución ao problema.

Pregamos nos informen da situación respecto do problema.

O Sr. alcalde sinala que este rogo tiña que ser contestado por don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, como non está, ou ben o contesta por escrito ou se queren farao no vindeiro pleno.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, responde que prefiren que lles conteste o responsable no vindeiro pleno.

2º Nas inmediacións dun espazo público na Barcala existen varios postes de formigón que soportan cables e outros elementos eléctricos, semellando non cumprir ningunha función ou atoparse fóra de servizo.

Tendo en conta que o impacto visual e a estética non é a mellor nunha zona de espaxamento, pregamos se realicen as xestións necesarias e se eliminen as mencionadas estruturas.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, acepta o rogo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que se alegra de que o Sr. Marante diga que está de acordo, pero quere que ademais de estar de acordo, tamén cumpra co rogo. Di isto porque son moitos os rogos que levan presentados dende principios da lexislatura e respecto dos que lles dixeron que estaban de acordo e non se cumpriron, e pode poñer moitos exemplos.

Continúa dicindo que o Sr. concelleiro igual ten interese, pero o incumprimento de moitos rogos trasládase a meses, por iso reitera que non é só que estea de acordo, senón que tamén se debe cumprir con eles.

Don Manuel Marante Gómez di que hoxe pola mañá deulle orde á enxeñeira técnica para que fixera un informe para mandar a Fenosa. Non vai dicir que vai saír mañá, pero as ordes son que inmediatamente se remita un escrito a Fenosa para que retire esas instalacións.

Don Luis Miguel Taibo Casás pídelle que comprenda a súa desconfianza, porque é que isto xa foi proposto no ano 2010. O que non poden é estar permanentemente cun problema, unhas veces de informes e outras de desidia e deixamento.

3º Foron varios os veciños, sobre todo persoas maiores, que nos solicitaron dende hai tempo, a conveniencia de situar un sanitario ecolóxico portátil no parque Ramón Barba no Temple. Son moitos os usuarios que gozan deste parque natural moi ben situado e a instalación deste servizo suporía unha mellora considerable no uso do parque.

Pregamos se instale un sanitario portátil ecolóxico no parque Ramón Barba.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que con este rogo tamén están de acordo. Di que estivo esta mañá intentando falar con Sugema para que o levaran xa, pero non deu contactado con eles, en todo caso, agarda que se poña a semana que vén.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 9840 o día 16 de xullo de 2013, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

Antes de comezar coa lectura do primeiro rogo, dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, agradece ao Sr. Marante o arranxo e que se taparan as fochas da estrada de Meixigo, que foi un rogo que trouxeron hai dous meses e que se fixo esta semana.

1º Como é coñecido polo concello, tras diferentes ilegalidades solicítase licenza para a legalización dun cerrado no Espírito Santo, parroquia de Cecebre (referencia catastral 8059101NH5976S e 7658501NH5976S), tras incumprir termos da licenza outorgada previamente.

Con data 9 de maio do 2013, a secretaria do concello resolve entre outros aspectos, que se debe demoler parte da obra construída na zona próxima ao lavadoiro público e no camiño de acceso a este.

A día de hoxe pódese comprobar claramente como se segue invadindo dominio público, no camiño que dá acceso ao lavadoiro.

En vista dos feitos e unha vez rematado o prazo outorgado polo concello para a demolición, entendemos que o concello debe actuar segundo a resolución que data a secretaria no punto 6 do escrito con data 9 de maio.

Por todo isto, rogo ao Sr. alcalde nos informe de cales van ser as actuacións neste caso, para que terreos de dominio público non sexan invadidos por intereses particulares.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que o propietario deste terreo presentou un escrito dicindo que xa cumprira coa resolución. O que van facer é xirar unha visita de comprobación, para ver que iso se fixo. En caso de que non o teña feito, que sospeita que é o que vai pasar, farao o concello subsidiariamente e despois pasaránlle a factura ao propietario.

Dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, pregunta que prazo lle poden dar aos veciños, porque loxicamente ela trouxo este rogo porque os veciños están preocupados, e iso que non están defendendo nada privado, están defendendo un ben público.

Dona Rocío Vila Díaz responde que van procurar facer a visita de comprobación mañá venres. A vindeira semana intentarán ter xa o informe do técnico competente que diga

que se incumpriu e automaticamente pedirán orzamentos para saber canto custa facer a obra. Di que igual lle teñen que pedir ao arquitecto municipal que lles faga un pequeno orzamento, en total, non está segura, pero unhas dúas ou tres semanas.

Di que pode ir informándoa segundo vaian dando pasos, e que procurarán que non vaia máis aló de que acabe agosto.

Dona M^a Victoria Amor Prieto agradece as palabras da Sra. concelleira, pero dille que máis que informalos a eles agradeceríalle que tamén informara aos veciños afectados.

2º O venres 5 de xullo tivemos a honra de asistir á inauguración da nova casa da cultura “Vila Concepción” no Seixal.

Unha vez máis o noso idioma foi desprezado dende a institución municipal que vostede preside, sendo idioma oficial do concello e obxecto de protección. Non se dignou en dirixirse aos veciños presentes en galego, o mesmo que o funcionario de Cultura. Por que Sr. Rivas? Ten vostede algunha xustificación?, ou é dos que cre que o noso idioma só serve para pedir o voto?

Sr. alcalde, dende o BNG esixímoslle respecte o noso idioma, polo menos nos actos institucionais.

O Sr. alcalde contesta que el non sabe se isto realmente é un rogo ou é unha pregunta, e vaille contestar no idioma español, no idioma de España, por unha sinxela razón que lle vai explicar. Di que o seu discurso podería ter sido, efectivamente, en galego, pero a Sra. concelleira do BNG ten que comprender que alí había moita xente que non era de aquí, que era de fóra e que non entendía o galego, é como se el chama a un señor que fale en catalán para que lle dea un discurso a ela, seguramente non o entendería. El non despreza para nada o galego, pero estalle contestando en castelán, porque ela enténdeo.

Continúa dicindo que a voceira do BNG pregúntalle no rogo se é dos que cre que o idioma galego só serve para pedir o voto, iso nun rogo que ela presenta no pleno, en primeiro lugar, un rogo que presenta tarde, e que non debera terlle permitido ler. A pesar de que é un ditador, así o di a Sra. concelleira, permitiulle ler, e iso que por riba estalle tomando o pelo, porque ela en vez dun rogo o que lle fai é unha pregunta.

Di que a el parécelle unha falta de respecto nun acto público, como foi a inauguración da Casa da Cultura, onde había máis do 50% de persoas que eran de fóra, facer o discurso en galego. Se ela lle tivera preguntado se tiña algunha xustificación para facelo e parara aí, el teríalla dado, e non habería ningún problema, pero é que ela engadiu unha segunda cuestión, á referencia a pedir o voto. Ela sabe perfectamente que iso non é unha pregunta, pídelles que sexan claros.

Dona M^a Victoria Amor Prieto expón, en primeiro lugar, como concelleira do BNG, que lle vai reprochar o seu ton. O que ela lle fixo foi unha pregunta, non intentou nin insultalo, nin agredilo, nin chamarlle ditador, porque no rogo nada diso pon, pero o Sr. alcalde fala con eles cunha autoridade, cunha cousa,.... Dille que xa son maiores para que lles fale así e que, de verdade, está vivindo aquí algo que hai moitos anos non

vivía, parece que volveu ás monxas e que lle están chamando a atención.

Dito iso, que indudablemente é unha broma, ela, como concelleira do BNG, botou de menos non que falase nin que dera o discurso en galego, non, porque xa saben que o alcalde non é do BNG, non botou de menos iso, pero unhas verbas, algo, e non só do Sr. alcalde, senón tamén do funcionario. Di que menos mal, o que nunca pensou, que estaba o presidente da deputación e que lles deu o seu discurso en galego, menos mal que o seu compañeiro, algo que de verdade a ela lle sorprendeu moi gratamente, si o fixo.

Conclúe pedindo que non o colla como unha ofensa, simplemente dende o BNG agradeceríanlle que cando faga actos institucionais, polo menos nunha parte se dirixa en galego, sobre todo tendo en conta que ademais o PP fala moito diso do 50%.

O Sr. alcalde dille á concelleira do BNG que se lle pareceu mal o seu ton, que o sente, pero é que ela o provoca, no bo sentido da palabra, porque xa llo dixo, se ela fixera adecuadamente o rogo ou a pregunta “ten vostede unha xustificación?” e aí acabara, entón non habería máis problemas, pero non sabe a que vén a apostila “ou é dos que cre que o noso idioma só serve para pedir o voto?”. Iso é para provocalo, é así, ou polo menos el sénteo así, e que lle perdoe.

Dona M^a Victoria Amor Prieto manifesta que, en todo caso, hai unha ordenanza neste concello que obriga a utilizar o idioma galego en actos institucionais. De todos modos di que dá igual, non é dende logo a súa intención, nin na súa vida privada nin aquí, crispas a ninguén nin vir desas maneiras, e ben o sabe o Sr. alcalde, porque por carácter ese comentario parécelle desacertado.

3º Sobre as recentes informacións sobre a posible instalación dunha estación hidroeléctrica no salto de Cecebre. Rogamos informe ao pleno e ao pobo de Cambre da posición do goberno municipal, da información que obra no seu poder e das xestións realizadas.

O Sr. alcalde explica que no concello non teñen ningunha información sobre a obra da montaxe dunha estación hidroeléctrica. Pedirá esa información e, en canto a teña, pasarállela a todos os concelleiros, non lle pode responder neste pleno porque non o sabe.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o alcalde acaba de dicir que non teñen información no concello, entende que non a ten localizada, pero supón que información hai.

O Sr. alcalde sinala que iso é o que lle a dicir.

4.3. Preguntas

Pregunta de EU presentada por escrito para o pleno ordinario do mes de xuño

Rexistrada de entrada ao núm. 8529 o día 22 de xuño de 2013, xunto coa moción, rogos e preguntas presentados para o pleno ordinario do día 27 de xuño de 2013.

1ª Segundo o acordado no convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e LP-45 Producciones e Iceberg Audiovisual S.L., para a celebración do festival Brincadeira, e concretamente no punto cuarto da cláusula segunda, recóllese o reparto dos ingresos xerados polo festival.

Poden informarnos cantos pagos e de canto importe e en que datas, temos recibido no concello, por parte das entidades organizadoras do festival?

O Sr. alcalde contesta que no concello recibíronse dous pagos. O día 10 de decembro do 2012 a cantidade de 35000 euros e o día 24 de decembro do 2012 outros 35000 euros. Teñen pendentes de ingreso un importe total de 99432,54 euros, non ten o anexo aquí, pero se non lembra mal cre que isto está previsto que se ingrese no mes de outubro deste ano. Estas datas de ingresos fóronlle facilitadas pola tesoureira municipal.

Dona Mª Olga Santos López, concelleira de EU, di que entenden entón que se dan por perdidos os outros 70000 euros.

O Sr. alcalde contesta que entende ben, e que el cre que xa deron explicación do asunto no pleno monográfico que se fixo. Cada unha das empresas perdeu 70000 euros.

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 9717 o día 13 de xullo de 2013, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Cal é o estado no que se atopa a elaboración do documento do Inventario de bens municipais e, máis en concreto, no que se refire aos camiños de titularidade pública?

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que neste momento a técnica que leva Patrimonio no concello está facendo o informe. Supón que todos entenden que é un informe bastante complexo, que lle leva bastante tempo facelo, leva xa varios meses con ese tema e compatibilizándoo con outros traballos que está facendo. Agora mesmo está de vacacións, en canto teña listo o informe farállelo chegar, porque é un tema urxente e supón que prioritario para todos.

Dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, pregunta se non ten programado máis ou menos unha data.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que non llo pode dicir, que é complicado.

2ª Son frecuentes nos últimos meses as avarías no treito de iluminación pública que dende A Pena en Sigrás, transcorrendo por Enxertos, chega á Rocha.

Por todo iso, este grupo pregunta:

Cales son os motivos destas continuas avarías?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que o problema é que hai unha avaría intermitente, unha avaría que de súpeto fai saltar o diferencial, reponse e bota varios días sen volver a saltar, polo que aínda que boten alí ao mellor un par de horas coas luces prendidas para intentar localizar o problema, non o dan localizado. Ata que a avaría non se produza de continuo non van dar coa orixe do problema.

Di que pasa algo parecido con outra avaría, tamén intermitente, na praza Miguel Ángel Blanco. Están tras dela, pero tamén está dando bastantes problemas para atopala.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, agradece a resposta, o que si que lle din é que entenda que é unha vía de paso con moito tránsito, sen beirarrúas e sen pasos de peóns, co cal consideran que o arranxo desa iluminación ten que ter unha prioridade.

3ª No pleno ordinario do mes de xaneiro do 2013 o grupo municipal dos socialistas de Cambre presentou unha moción dirixida a por en marcha o procedemento de “modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa de aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos pegados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública”, coa finalidade de incrementar a taxa que pagan as entidades financeiras por este concepto no noso concello, e que o pleno aprobou por unanimidade quedando pendente dun estudo económico para poder fixar a contía concreta da suba a aplicar. Ata o día de hoxe este grupo non ten noticia do resultado do dito estudo.

Por iso preguntamos, en que situación se atopa a elaboración do dito estudo?

Dona Marta Mª Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que o estudo está feito, está concluído. O resultado do estudo é que a taxa non pode subir moito máis como tal taxa. Falta o informe e proposta para poder traelo a pleno. Di que iso é o que teñen agora mesmo, que pouco máis se pode subir a taxa como taxa en si, e nese sentido vai ir o informe, outra cousa é que no pleno se decida outra cousa.

Dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, solicita que lles fagan chegar copia do informe, máis que nada para non ter que agardar ao último momento, dous días antes do pleno, para ter coñecemento del. Dado que é un procedemento que xa comezaron hai tempo, non estaría de máis que se xa teñen esa información, llela entreguen.

Dona Marta Mª Vázquez Golpe contesta que o informe non está feito. Houbo outros asuntos que tiñan unha maior prioridade no tempo. Explica que a taxa de caixeiros automáticos, de ocupación do dominio público para ese uso privativo, ten dereito a percibirse o 1 de xaneiro de cada ano, polo tanto non se volverá a percibir ata o 1 de xaneiro do 2014, así que, por moito que traian o asunto antes a pleno, non se vai poder aplicar. Houbo outras cousas, como a Conta Xeral, ás que se lles prestou unha maior atención. Se é posible, traerán a proposta ao pleno que terá lugar a principios de setembro.

Dona Margarita Iglesias Pais expón que non está a falar da proposta, senón do informe, se é que xa está feito.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe di que o informe non está, pero saben que vai ir nese sentido.

Cando son as 22:30 h, dona Margarita Iglesias Pais auséntase da sesión por motivos persoais.

Preguntas de UxC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 9719 o día 13 de xullo de 2013.

1^a Os veciños de Cecebre, para inscribirse para o uso da piscina municipal situada na dita parroquia, teñen que ir ás oficinas municipais da Barcala, volver ao centro de Cambre para facer o pago no banco e volver ás ditas oficinas co xustificante e volta a casa, todo un periplo que podería solucionarse facéndose nas dependencias do Concello de Cambre, como se facía anteriormente.

Ten o goberno municipal algunha solución para esta situación.

O Sr. alcalde explica que esta pregunta tamén tiña que ser contestada polo concelleiro de Deportes, que hoxe está ausente, polo que lles pregunta se desexan que se conteste por escrito, ou ben traela para o vindeiro pleno.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, responde que a traerán ao vindeiro pleno.

2^a Na Ctra. Cambre-Temple na zona da Barcala, as árbores pegadas ao muro, as raíces están levantando a beirarrúa.

Ten pensado o goberno municipal algunha actuación?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que o ano pasado faláron cos técnicos da deputación sobre este asunto, e estes pedíronlles que dende o concello se remitira un informe á deputación, así se fixo, pero de momento non teñen contestación, polo que van reiterar outra vez a petición á deputación para que contesten ou arranxen o problema.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, manifesta que cando saiban algo agradeceríalles que llelo fagan saber.

3^a Na Barcala o valo de seguridade na zona do paseo limitando coa vía férrea e próximo á gardería Galiña Azul, un dos treitos está no chan.

Ten pensado o goberno municipal algunha actuación?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, manifesta que quere puntualizar que xa non está no chan, simplemente non está, di isto porque foi hoxe cando o viu, agora simplemente falta o treito de valo.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que os problemas con ese treito de valo é algo crónico dende hai anos, reponse e ao día seguinte está roto. Baixan por alí cara á vía, supón que xente da Barcala, e cruzan a vía, pero isto é así dende hai anos, arránxase e ao día seguinte está roto de novo.

Di que hai uns días que se arranxou e, ao día seguinte, xa desaparecera. Sempre é igual, desaparece ou tíranlo para pasar, de feito vese o paso pelado perfectamente de pasar todos os días por alí un montón de xente, non unha nin dúas persoas, senón un montón de xente.

En principio van deixalo así, porque non ten sentido arranxalo para que ao día seguinte estea roto.

Dona Elisa Pestonit Barreiros pregunta se non poden tomar outro tipo de medidas. Ela xa viu que alí hai un camiño aberto, que alguén debe baixar por alí cara á vía, pero aquilo é perigoso, sobre todo porque hai nenos xogando, non se refire aos da Galiña Azul que non saen, refírese aos nenos do barrio. É unha pendente e un adulto baixa moi ben, pero un neno pode caer e rodar ata abaixo de todo.

Don Manuel Marante Gómez dille que se eles teñen algunha opción ou algunha proposta para resolver o tema, el estaría encantado, pero xa lle di que iso vén dende hai moitos anos e nunca se deu arranxado o problema. Soldan o valo, ao día seguinte está roto. Volven soldalo, ao día seguinte volve estar roto. O paso está feito e ademais vese que pasa por alí moita xente, supón que os pequenos que están por alí estarán cos pais para que non se metan polo valo, terán que ter coidado, pero se non hai ningunha outra proposta que lle poidan facer, el non sabe. Di que estaría encantado de poder pechar a zona e eliminar o perigo, pero non lle atopa solución. Como xa dixo, soldouse hai un mes e ao día seguinte estaba roto.

Dona Elisa Pestonit Barreiros sinala que ela comprométese, de verdade, a que se discorre algunha proposta, que lla vai dicir.

Don Manuel Marante Gómez responde que, tamén de verdade, se non custa moito, el vailla atender.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 9720 o día 13 de xullo de 2013, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª Na Xunta de Goberno Local do pasado 27 de maio, informouse dunha Orde da Consellería de Economía e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión de axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas, cofinanciadas con fondos FEDER.

Ten o goberno de Cambre presentado algún proxecto para este fin?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que si, o soterramento do transformador de Curros Enríquez. Di que se volveu reiterar este ano outra vez, porque o ano pasado quedaron en reserva, non lles deron nada, e este ano volveron reiterar o mesmo transformador.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que lle parece ben, só quere preguntar se contemplaron a posibilidade do soterramento da liña de media tensión que pasa por riba do parque de San Lourenzo, da que hai un momento se falou aquí, e que foi motivo da presentación dun rogo de EU en decembro do 2011, onde o Sr. Marante aceptou o rogo para trasladar o parque. Di que están no 2013 e aínda non se trasladou ese parque, espera que teña máis sorte o partido socialista co seu rogo e que o Sr. Marante a semana que vén traslade o parque de alí, porque ademais están actuando en contra da normativa da Xunta, que non permite que un parque estea debaixo dun tendido eléctrico, polas medidas de seguridade.

Reitera que o rogo de EU foi presentado en decembro do 2011 e o Sr. concelleiro aceptouno, por iso dicía antes que moito aceptar os rogos, pero que o cumprimento non se transforma en realidade.

Don Manuel Marante Gómez aclara que para a semana que vén tampouco se vai cambiar agora, que non vaia tan apurado. El vai intentar cambiar o parque o antes posible, pero ten que facelo cos medios que ten, e os que ten son os que ten. Cando poida, e agarda que este verán así sexa, que no mes de agosto se cambie, espera poder facelo, pero ata ese mes dubida moito poder facelo.

Conclúe dicindo que, efectivamente, tíñase comprometido con EU o ano pasado, e agarda poder facelo en agosto, pero non porque sexa o partido socialista ou sexa EU quen o pida. Intentará cubrir os dous rogos.

Don Luis Miguel Taibo Casás expón que el o di polo ben dos veciños de San Lourenzo. Se para agosto está trasladado o parque dáse por contento, porque xa dixo que están falando de case dous anos de demora.

2ª Ante as iniciativas plenarias presentadas polo noso grupo municipal en relación coa seguridade viaria no concello e o risco permanente a que están sometidos os veciños/as por non existir lugares axeitados e sinalizados para poder atravesar as estradas, poñendo de manifesto a situación de indefensión dos cidadáns no desenvolvemento das súas actividades diarias. O noso grupo pregunta:

Que xestións ten feito o concello para dotar de pasos de peóns a estrada AC-213, no lugar do Souto en Sigrás?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que cando se fixo o proxecto da obra non había ningún paso de peóns, conseguiron que se fixera un á altura do Mesón Vasco, pero despois de moito pelexar co director de obra e en compañía de técnicos municipais, non houbo maneira de que lles puxeran máis pasos de peóns nin no Souto nin nos Campóns, que era onde querían poñer outros pasos.

Di que están á espera de que Conservación recepcione as obras, a ver se a despois poden conseguir uns pasos de peóns para a zona arriba da escola de música, no Souto, onde conflúe a estrada que vén do instituto. A idea é tamén tratar de conseguilo nos Campóns, xunto á glorieta.

De momento non teñen comunicación oficial de que se teña recepcionado a obra, aínda que mirando por internet cren que Conservación xa o fixo. Van intentar, a partir de agora, ver se por ese camiño poden conseguir mellorar a seguridade na zona.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que este tamén foi un rogo feito en maio do 2012. Están falando dun dos lugares máis perigosos da zona, é un lugar onde atravesan moitísimos rapaces que se desprazan ao instituto, á parte de ser unha zona concorrida por veciños de Sigrás, por certo que é unha vella demanda dos propios veciños de Sigrás. Cre que deberían ver se son capaces de meter un paso de peóns nese sitio e outro nos Campóns.

3ª Aprobado o orzamento municipal para o ano 2013, e ante as promesas e compromisos do responsable da área respecto das deficiencias en materia de seguridade e protección no contorno da praza Manuel Lugrís, onde se produciron distintos accidentes de nenos/as que frecuentan o lugar.

Poden informarnos das razóns da demora no cumprimento do compromiso adquirido polo goberno para instalar as medidas preventivas de seguridade na dita praza, e que determinación pensan tomar en relación co problema?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que está o proxecto listo e estes días, seguramente a semana que vén, o pasarán a Contratación. Agarda que en torno ao mes de agosto ou setembro como moito, estea feita a obra. É unha obra que está en 24000 euros, e hai que sacala a Contratación, porque non é suficiente con solicitar tres orzamentos, por iso se atrasou un pouco.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 9840 o día 16 de xullo de 2013, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª A contratación dun grupo de rock en galego de primeiro nivel viña sendo xa unha tradición con importante éxito no Rock in Cambre que, ademais de contribuír ao éxito da festa, constituía un importante elemento para a normalización e potenciación do noso idioma e un bo escaparate para conxuntos da escena galega. Este ano, lamentablemente, non haberá ningún grupo destas características: Por que?

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, contesta que el pensaba que ían retirar esta pregunta, porque se botan unha ollada ao cartel xa ven que non é só un, senón que hai catro grupos que son galegos, e mesmo algúns deles teñen a maior parte do seu repertorio, ou parte del, en galego. Tregua é da Coruña, Los Suaves son de Ourense e teñen cancións en galego, e despois The Zipper e Embora xa son grupos locais.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, di que xa o sabe, pero que non sabe se o concelleiro lle está tomando o pelo ou se realmente está falando en serio, dillo con todos o respecto. Claro que Los Suaves son de Ourense e teñen algún tema en galego, pero el quere pensar que o concelleiro entende que están falando doutra cousa. Están falando de grupos de primeiro nivel e pode citarlle, non sabe, a Herdeiros da Crus, Os Diplomáticos,.... Di que o concelleiro poderá estar de acordo ou non, pero el o que quere é que o entenda, se alguén ten un quiosco e vende só El Mundo, o ABC e La Razón, vai ter un público determinado, con Los Suaves, con Barón Rojo e con Barricada, que son grupos do que se entende rock español, van ter un grupo de xente determinado que vai acudir a escoitalos.

A el encántanlle os tres grupos, pero se a maiores, como viña sendo en anos anteriores, en vez de ter tres grupos desas características, tes outro de rock en galego, dálle ao Rock in Cambre a característica de ser un festival que nunha noite combina e conxuga perfectamente esas dúas opcións, e xogan a atraer público diferente, máis nada, e di que xa saben que son grupos que no cartel ao cal fai referencia o Sr. concelleiro de Cultura, pois non están ao mesmo nivel.

Don Santiago Manuel Ríos Rama manifesta que el non di que estean ou non estean ao mesmo nivel, este ano non o contemplaron, se pode ser para o ano que vén o mirarán, pero non por desprezar a ningúen, senón porque xa teñen outros grupos.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que esa é unha resposta estupenda e agarda que para o ano que vén iso poida ser así.

2ª Que medidas, ideas ou proxectos se contemplan nas conversas para mellorar o transporte público por autobús que mantén ou mantivo o goberno municipal coa Xunta?

Será contestada polo concelleiro responsable no vindeiro pleno.

3ª En que estado se atopan os 10 puntos aprobados por unanimidade no pleno extraordinario do pasado mes sobre o ferrocarril?

Será contestada polo concelleiro responsable no vindeiro pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e trinta cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

Mª Luisa de la Red Ampudia